



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRAO EN SOCIOLOXÍA
TRABALLO DE FIN DE GRAO
CURSO ACADÉMICO: 2016-2017
CONVOCATORIA: XUÑO

Leva tan só as túas fotografías, deixa tan só as túas pegadas.

Unha aproximación sociolóxica ao fenómeno da exploración urbana

Lleva tan solo tus fotografías, deja tan solo tus huellas.

Una aproximación sociológica al fenómeno de la exploración urbana

Take only your photos, leave only your footprints.

A sociological approach to the phenomenon of urban exploration

Autoras: Mayán Carneiro, Ana
Vázquez Francos, Andrea

Directoras: Lamela Viera, Carmen
Pérez Caramés, Antía

RESUMO: O presente estudo trata de expoñer a práctica da exploración urbana dende unha perspectiva sociolóxica. Trátase dunha investigación de carácter exploratorio, que intentará concretar unha definición desta práctica como principal obxectivo, así como coñecer as motivacións dos exploradores urbanos que a levan a cabo, ademais de interpretar as súas prácticas incluíndo unha perspectiva de xénero. Para alcanzar todo isto realízase unha análise teórica sobre as poucas investigacións que existen sobre o tema en cuestión, xunto con información primaria, obtida a partir dunha metodoloxía cualitativa e unha etnografía virtual; sendo esta última de uso obrigatorio posto que as relacións desta comunidade se desenvolven a través de redes sociais como Facebook ou Instagram e a partir de diferentes blogs.

PALABRAS CLAVE: Exploración urbana, urbex, lugares abandonados, ruínas, fotografía, nostalgia, hobby, xénero.

RESUMEN: El presente estudio trata de exponer la práctica de la exploración urbana desde una perspectiva sociológica. Se trata de una investigación de carácter exploratorio, que intentará concretar una definición de esta práctica como principal objetivo, así como conocer las motivaciones de los exploradores urbanos que la llevan a cabo, además de interpretar sus prácticas incluyendo una perspectiva de género. Para alcanzar todo esto se realiza un análisis teórico sobre las pocas investigaciones que existen sobre el tema en cuestión, junto con información primaria, obtenida a partir de una metodología cualitativa y una etnografía virtual; siendo esta última de uso obligatorio puesto que las relaciones de esta comunidad se desarrollan a través de redes sociales cómo Facebook o Instagram y a partir de diferentes blogs.

PALABRAS CLAVE: Exploración urbana, urbex, lugares abandonados, ruinas, fotografía, nostalgia, hobby, género.

ABSTRACT: The present study tries to expose the practice of urban exploration from a sociological perspective. It's an exploratory research that will try to define this practice as the main target, as well as to know the motivations for the urban explorers to carry it out, in addition to interpreting their practices including a gender perspective. To achieve all this, a theoretical analysis is carried out on the few investigations that exist on the subject in question, and a primary information, obtained from a qualitative methodology and a virtual ethnography; this last one is of mandatory use because the relations of this community are developed through social networks like Facebook or Instagram and different blogs.

KEYWORDS: Urban exploration, urbex, abandoned places, ruins, photography, nostalgia, hobby, gender.

AGRADECEMENTOS:

No momento en que Antía e Carmen nos propuxeron realizar o noso traballo sobre urbex, a nosa primeira pregunta foi: Que é iso? Agora que xa sabemos un pouco máis, e tan só nos queda agradecerlles que nos involucraran neste tema, dándonos a oportunidade de entrar nun mundo caracterizado polas emocións e a imaxinación.

Ás nosas familias: Carlos, Naza, Chus, Luis, Ramón e Loli; xa que tamén se volveron uns expertos na exploración urbana escoitando as nosas inquedanzas e soportando o noso estrés, por iso o único que lle podemos dicir é GRACIAS.

Agradecer a Nerea, en especial, por facilitarnos un contacto fóra do noso alcance e a Voces pola súa axuda de última hora para axilizar a maquetación.

E por último, agradecer aos exploradores urbanos que colaboraron nesta investigación, xa que sen eles isto non tería sentido.

Índice de contido

1. INTRODUCCIÓN	6
2. OBXECTIVOS	15
2.1 Obxectivo xeral.....	15
2.2 Obxectivos específicos.....	15
3. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA	16
3.1 Que é a exploración urbana?	16
3.2 A nostalxia e a evocación ao pasado como características de Urbex.....	22
3.3 A exploración urbana como <i>hacking espacial</i>	24
3.4 A dimensión de xénero dentro da exploración urbana	25
3.5 Urbex como antecedente do turismo escuro	28
3.6 A exploración urbana como forma de xogo	29
3.7 Síntese.....	30
4. METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN	32
4.1 Etnografía virtual	33
4.2 Entrevistas semiestruturadas	34
5. ANÁLISE DE RESULTADOS.....	39
5.1 Definición de exploración urbana	39
5.2 Descrición e interpretación das prácticas dos exploradores urbanos.....	41
5.3 Motivacións dos exploradores urbanos	53
5.4 Análise da exploración urbana dende unha perspectiva de xénero	58
6. CONCLUSIÓN FINAIS	64
7. REFLEXIÓN ACERCA DO PROCESO DE APRENDIZAXE	66
7.1 Puntos fortes	67
7.2 Limitacións	67
8. FONTES DE INFORMACIÓN	69
ANEXOS	

Índice de figuras

Figura 1: Exploración urbana no interior dun domicilio.....	6
Figura 2: Exploración urbana nunha peaxe.....	7
Figura 3: Exploración urbana nun transporte sanitario.....	7
Figura 4: Exploración urbana nun dormitorio.....	8
Figura 5: Exploración urbana nun restaurante.....	8
Figura 6: Exploración urbana nun centro comercial.....	9
Figura 7: Exploración urbana nunha piscina.....	9
Figura 8: Exploración urbana nun bar de copas.....	10
Figura 9: Exploración urbana nun club nocturno.....	10
Figura 10: Exploración urbana nun club nocturno.....	11
Figura 11: Exploración urbana nun hotel.....	11
Figura 12: Exploración urbana nun parque de atraccións.....	12
Figura 13: Exploración urbana nun parque de atraccións.....	12
Figura 14: Exploración urbana no interior dunha vivenda.....	13
Figura 15: Exterior dunha casa abandonada na que se realizou urbex.....	19
Figura 16: Interior dun domicilio.....	20
Figura 17: Complexo industrial abandonado.....	21
Figura 18: Mapa de entrevistas realizadas.....	37
Figura 19: Enquisa realizada no grupo de Urbex España.....	45
Figura 20: Escola abandonada.....	56
Figura 21: Complexo industrial.....	57

Índice de táboas

Táboa I: Vías de realización das entrevistas.....	36
Táboa II: Cadro tipolóxico das entrevistas semiestruturadas.....	36
Táboa III: Cálculo de medias de publicacións/mes por xénero.....	62

1. INTRODUCCIÓN

O presente estudo trata sobre a exploración urbana, tamén coñecida como *Urbex* en diferentes países, e máis informalmente. O interese de investigar este fenómeno xurdiu a partir dunha investigación previa feita polas directoras do presente traballo¹, as cales comentaron a falta dunha perspectiva sociolóxica que analizara dito fenómeno, polo que se decidiu seguir adiante e indagar un pouco máis.

Hai persoas realizando esta práctica globalmente e hai que ter en conta que se trata dun fenómeno social. Este traballo enténdese visualmente, polo que se decidiu expoñer, como unha primeira toma de contacto, unha serie de fotografías que caracterizan en que consiste a exploración urbana.

Figura 1: Exploración urbana no interior dun domicilio



Fonte: <https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks>
(con autorización do autor)

¹ Dispoñible en:
https://www.academia.edu/15441794/Political_economy_and_comparative_analysis_of_modern_ruins_through_Urban_Exploration

Figura 2: Exploración urbana nunha peaxe



Fonte: <https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks> (con autorización do autor)

Figura 3: Exploración urbana nun transporte sanitario




Fonte: <https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks> (con autorización do autor)

Figura 4: Exploración urbana nun dormitorio



Fonte: <https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks>
(con autorización do autor)

Figura 5: Exploración urbana nun restaurante



Fonte: <https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks>
(con autorización do autor)

Figura 6: Exploración urbana nun centro comercial



Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 7: Exploración urbana nunha piscina



Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 8: Exploración urbana nun bar de copas




Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 9: Exploración urbana nun club nocturno



Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 10: Exploración urbana nun club nocturno



Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 11: Exploración urbana nun hotel



Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 12: Exploración urbana nun parque de atraccións



Fonte: blog persoal dun explorador urbano estadounidense <http://sephlawless.com/>

Figura 13: Exploración urbana nun parque de atraccións



Fonte: <https://www.instagram.com/p/BDYb-9LoNRT/?hl=es> (con autorización do autor)

Figura 14: Exploración urbana no interior dunha vivenda



Fonte: <https://www.instagram.com/p/BDYb-9LoNRT/?hl=es> (con autorización do autor)

Aínda que hai poucas investigacións feitas sobre este fenómeno, varios autores intentaron definila e entender as súas prácticas dende distintas disciplinas científicas, como por exemplo Garrett (2014), que considera que a exploración urbana é unha subcultura, na cal os seus membros entenden a urbe como un lugar capaz de ser explorado, onde intentan investigar, redescubrir e explorar diferentes espazos abandonados pertencentes á parte esquecida da cidade; dentro desta subcultura existe un código ético que implica un respecto cara o lugar que é explorado, impedindo a súa destrución, modificación e publicación da súa localización. Na gran maioría dos casos utilízase a fotografía para a realización desta actividade, aínda que non é imprescindible para levar a cabo unha exploración urbana; cómpre destacar que esta práctica roza os límites do legal, dado que en gran parte das situacións os lugares explorados son propiedades privadas ou patrimonio cultural.

A exploración urbana é un fenómeno global e da globalización, polo que se considera interesante estudalo dende unha perspectiva sociolóxica, a cal non se lle concedeu ata o momento. Esta práctica pode ser abarcada dende dous enfoques distintos, a) o

obxecto de desexo que son as ruínas, e b) as prácticas dos participantes. Este último é o que se levará a cabo, no que se centra principalmente a presente investigación.

Debido á escasa investigación en España, e no resto de países, sobre a exploración urbana dende unha perspectiva sociolóxica - posto que a maior parte da bibliografía publicada ten unha perspectiva xeográfica, de análise espacial e investigación urbana-, este traballo conta con ese punto de orixinalidade.

Coñecer o interese dos participantes en realizar esta práctica fan do tema de estudo unha investigación interesante, aínda que ao mesmo tempo restrinxida. Debido á dificultade dun traballo con estas características decidiuse realizalo de forma conxunta, xa que deste xeito se pode ter unha maior solidez; hai que ter en conta que é un estudo moi subxectivo polo que ao ter a perspectiva de cada unha das investigadoras abarca unha maior amplitude no tema a afondar.

Neste mundo global as cidades da sociedade occidental están caracterizadas polo estrés, a rapidez e a valoración dos demais habitantes, o capitalismo toma nota da vida moderna e das novas tecnoloxías para crear novos tipos de consumo e ocio comercializable; as persoas están ao servizo do capitalismo en case todas as facetas da vida cotiá, dende o recorrido que fan cara o seu posto de traballo ata o tempo libre do que dispoñen; polo que se considera interesante o estudo desta nova práctica na que os exploradores urbanos, no seu tempo libre, visitan sitios abandonados fóra de todo este estrés para desfrutar observando a decadencia producida por estas estruturas, e mesmo fotografala.

Considerouse que a presente investigación sexa de tipo exploratorio, xa que se trata de coñecer un tema novidoso e pouco estudado. Cando hai pouca información sobre o tema a tratar este é o tipo de investigación máis adecuado.

Os estudos exploratorios serven para familiarizarnos con fenómenos relativamente descoñecidos, obter información sobre a posibilidade de levar a cabo unha investigación máis completa respecto dun contexto particular, investigar novos problemas, identificar conceptos ou variables promisorias, establecer prioridades para investigacións futuras, ou suxerir afirmacións e postulados. (Hernández, 2010, p.79)

Debido ao descoñecemento sobre o tema a estudar non se pode aventurar ningunha hipótese, senón que se pretende dar resposta a uns obxectivos de investigación, que a continuación se expoñen. Só o que está definido se pode contabilizar, polo que isto é algo que non se pode facer no presente traballo.

2. OBXECTIVOS

2.1 Obxectivo xeral

- Determinar que é a exploración urbana e concretar unha definición.

2.2 Obxectivos específicos

- Describir e interpretar as prácticas dos exploradores urbanos, así como o significado que estes lle dan a ditas prácticas.
- Coñecer as motivacións dos exploradores urbanos.
- Indagar na dimensión de xénero dos exploradores urbanos para coñecer a influencia que ten a socialización de xénero dentro da exploración urbana.

Para poder levar a cabo os obxectivos presentados, este estudo constará dunha fundamentación teórica inicial recollendo as investigacións académicas procedentes de distintas disciplinas. Posteriormente, realizarase dúas técnicas de traballo de campo a partir da metodoloxía cualitativa: unha etnografía virtual en varios grupos pechados online e entrevistas a persoas da comunidade urbex, para rematar coa análise de resultados onde se intentará dar resposta a estes obxectivos coa correspondente conclusión final.

3. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

A redacción deste apartado, de grande importancia para o entendemento da exploración urbana ou urbex, non é nada doada, xa que o tema a tratar é moi novidoso e, polo tanto, as investigacións realizadas sobre o mesmo son poucas.

Coa revisión da literatura realizada obtense unha visión xeral sobre a produción científica da exploración urbana, a cal se comezou a realizar a partir do ano 2000 –dato que reflexa a novidade do fenómeno–, estas investigación académicas proveñen de distintas disciplinas, aínda que maioritariamente son estudos de xeografía -xeografía humana, xeografía política e xeografía feminista- tamén proceden de estudos de análise e investigación urbana, de arqueoloxía, medio ambiente, estudos culturais e antropoloxía social, de fotografía e mesmo de hostalería e turismo. Principalmente, estas investigación proceden dos Estados Unidos e do Reino Unido, aínda que tamén hai investigacións procedentes de Canadá, Finlandia ou a República Checa.

Esta revisión teórica pon de manifesto varias liñas xerais que son tratadas por varios autores; por isto, e para que sexa máis comprensible a súa lectura, este apartado dividírase en sub-apartados distintos para abordar o tema da exploración urbana; comezando por unha definición da mesma, continuando coa importancia da nostalgia e a evocación ao pasado das ruínas, logo unha analoxía que ten urbex co hacking informático, seguindo coa dimensión de xénero dentro desta práctica, a relación que ten urbex co turismo e para finalizar como a exploración urbana se vincula ao xogo.

3.1 Que é a exploración urbana?

Na literatura revisada atópanse varias definicións sobre este fenómeno, xa que cada autor que o estudou aportou a súa. Neste sub-apartado tentarase recoller todas elas, así como as diferentes prácticas dos exploradores urbanos e o seu código ético dentro da exploración urbana. Cómpre destacar que a falta dunha definición oficial sobre esta práctica xa fala sobre si mesma, esta inexistencia de concepto xera numerosos erros á hora de poder explicala.

“O termo actual *exploración urbana* data da década dos 90 e soe ser acreditado a Jeff Chapman, tamén coñecido como Ninjalicious” (Mott e Roberts, 2014, p. 229). Ninjalicious, un explorador urbano canadense, é un profesional do fenómeno urbex que considera que “os exploradores urbanos se esforzan por gañar experiencias e realizar descubrimentos que lles permitan entrar no secreto funcionamento da cidade e nas súas

estructuras para apreciar os fantásticos espazos escuros que poderían quedar descoñecidos” (Gibas, 2009, p. 159).

Ninjalicious rexeita as restricións de acceso ás propiedades, hai unha sección de ética no seu sitio web onde sostén que a exploración urbana é libre, divertida e non fai mal a ninguén; non se rouba, nin se dana, nin se vandaliza nada; o que prima é a emoción do descubrimento, mesmo se consideran máis respectuosos que moita xente que os considera vándalos a eles mesmos (Rowdower, 2011).

Foi nos anos 90 cando se deu a etapa moderna deste fenómeno, nesta época realizouse unha “concentración de toda esta comunidade onde se acordou ditar unha ética común para todos os exploradores urbanos” (Bunting, 2014, p. 8). Nesta década e na seguinte dos 2000 foi cando máis xente foi collendo esta afección, xunto con outras subculturas como o skateboarding ou o graffiti; películas como *Exploradores Urbanos: En la oscuridad*, ou *Urban Explorer*, atraeron a atención de persoas na exploración urbana, por iso esta práctica foi abordada de distintas formas (Mott et al., 2014).

Como xa se mencionou no apartado de *Introducción*, para Garrett (2013) a exploración urbana pódese definir como unha subcultura, na cal os seus membros entenden a urbe como un lugar capaz de ser explorado, onde tentar investigar, redescubrir e explorar diferentes espazos abandonados pertencentes á parte esquecida da cidade; dentro desta subcultura existe un código ético que implica un respecto cara o lugar que é explorado, impedindo a súa destrución, modificación e publicación da súa localización. Na gran maioría dos casos, os exploradores urbanos utilizan a fotografía para a realización desta actividade, aínda que isto non é imprescindible para levar a cabo unha exploración urbana. Cómpre destacar que esta práctica roza os límites do legal, dado que en gran parte das situacións os lugares explorados son propiedades privadas ou patrimonio cultural.

Urbex non é un intento de construír unha nova gran narrativa de resistencia, senón de re-imaxinar subversivamente o que existe, complicando a identidade urbana e a imaxinación a través dun intercambio xoguetón coa planificación, a construción, o lixo e a descomposición; as persoas que realizan esta práctica non tenden a involucrarse en discusións sobre o que se debe conservar ou construír, o que é correcto ou incorrecto, legal ou ilegal, simplemente afirman que "calquera lugar é un espazo libre" (Garrett, 2013, p. 19). Bennett (citado en Mott et al., 2014) argumenta que para algúns exploradores urbanos as súas actividades son máis como hobbies sen axenda política articulada; esta práctica abarca diferentes actividades e distintas comunidades para as cales non hai unha soa comprensión da importancia política, ou falta dela.

Outra definición de exploración urbana é aportada por Bunting (2014), o cal a considera como unha práctica de explorar lugares que están lixeiramente fóra dos límites ou que regularmente non se ven, excepto por aqueles que están autorizados a acceder a eles; para este autor a definición de espazo urbano non pode ser algo consolidado, dado que dito espazo é definido por cada suxeito de maneira individual, creando o seu propio concepto a partir da súa maneira de pensar, sendo así, un acto físico e mental (Bunting, 2014, p. 6).

Ademais esta práctica tamén é definida como un “movemento crecente de persoas que dedican o seu tempo libre e enerxía a explorar espazos ao detalle (...) cuxo obxectivo é o de explorar as partes ocultas e inaccesibles da cidade” (Gibas, 2009, p.159).

No estudo que realiza Bennett (2011) sobre a exploración urbana en búnkers de guerra abandonados, utiliza a etiqueta *bunkerology* como un subtipo desta práctica, aínda que non é un termo utilizado polos exploradores urbanos, “de feito, as demarcacións de subxénero dentro da exploración urbana son débiles” (Bennett, 2011, p. 421). Este autor describe como en *bunkerology* existe unha ética de veneración polos lugares visitados, “a práctica consiste en preservar, honrar e non danar o lugar de inspección” (Bennett, 2011, p. 427). A diferenza do escalador urbano ou dun entusiasta parkour, a experiencia de urbex refírese menos ao acto de actuación, senón que o acto físico proporciona a base para contar online o que se fixo.

Esta práctica non está exenta de perigo físico, a tese de Lyng (citado en Bennett, 2011) interpreta a toma de riscos en actividades recreativas como unha resistencia voluntaria á alienación do capitalismo; deste xeito “estes *guerreiros de fin de semana* elévanse por encima da alienación inherente das súas vidas de semana” (Bennett, 2011, p. 427).

Dependendo do medio cultural do participante, este daralle unha significación distinta á práctica da exploración urbana. É interesante como Wilson (citado en Bennett, 2011) detecta un vínculo con videoxogos e películas de terror na motivación dos exploradores urbanos entrevistados, como unha mestura de *Doom*, *Dungeons and Dragons*² e arqueoloxía; pode ser que a exploración urbana sexa unha manifestación nunha etapa posterior da vida logo de ter ese tipo de pasatempos de adolescente explorando túneles dende o sofá. A práctica como unha extensión das actividades de exploración en pantalla.

² Videoxogo de rol no cal se crea unha simulación da historia dun mundo fantástico con personaxes ficticios que poden cambiar o curso da historia do mesmo.

“Pode haber desfrute porque a exploración urbana é un acto transgresivo, (...) hai unha incerta legalidade para acceder aos lugares evadindo a atención de propietarios ou gardas de seguridade; pero aínda así non sería correcto analizala tan só dende unha perspectiva de socioloxía da desviación ou criminoloxía cultural”. (Bennett, 2011, p. 426)

Na exploración urbana están presentes estratexias tales como a alegría do coñecemento, a memorialización ou conservación do patrimonio e a comunicación co espírito do lugar (Bennett, 2011); así, moitos exploradores urbanos afirman que desexan coidar e protexer os lugares que visitan, as sensacións das ruínas forman parte importante desta experiencia no sentido de conectar fisicamente co pasado. Para comprender urbex hai que ter en conta que os exploradores urbanos son persoas afeccionadas motivadas pola fotografía e historia e con unha inclinación á transgresión; nas cidades de todo o mundo hai grupos buscando espazos secretos, abandonados, que a maioría das persoas pasan por alto (Bennett, 2011). A *Figura 15* é un exemplo máis para ilustrar un espazo no que se realiza urbex, neste caso é un domicilio que foi abandonado.

Figura 15: Exterior dunha casa abandonada na que se realizou urbex



Fonte: <http://camaraenristre.blogspot.com.es/>
(con autorización da autora)

Dodge e Kitchin (2006) tamén consideran que esta práctica é unha subcultura, xa que hai grupos e individuos complexos e diversos pero con unha identidade; para os exploradores urbanos urbex é unha comunidade. En internet forxan a súa identidade subcultural, a cal é considerada un hobby estraño polos medios de comunicación. Estes autores expoñen que as principais áreas de interese para levar a cabo esta práctica son “edificios e

emprazamentos abandonados, hospitais ou asilos, túneles, puntos altos da cidade, infraestruturas industriais en descomposición, búnkers, espazos subterráneos ou minas, e incluso edificios sen abandonar” (Dodge e Kitchin, 2006, p. 3).

A observación de sitios web de exploradores urbanos realizada por estes autores extrae unhas características comúns:

“Todos teñen unha necesidade de documentar o espazo, hai unha importancia de recoñecemento entre pares para os descubrimentos, unha emoción de entrar a espazos prohibidos co desexo que foran espazos auténticos, a experiencia de ir a lugares inaccesibles facendo os descubrimentos, pero tamén o esteticismo alternativo dado que algúns exploradores urbanos buscan a soidade ou a beleza da desorde”. (Dodge et al., 2006, p. 6)


Os exploradores urbanos teñen uns principios éticos para a realización das súas actividades e isto ofrece distinción; teñen respecto polos lugares, deben preservalos cando publican, polo que hai aceptabilidade do anonimato (Dodge et al., 2006).

Outra definición distinta de exploración urbana vén aportada por Rowsdower (2011), o cal expón que é un movemento popular de non-arqueólogos que viven o pasado dun xeito parecido á arqueoloxía, xa que, mentres que as súas actividades son paralelas no tema da preservación, non contan coa mesma regulación. Para este autor, os interesados nesta práctica realizan actividades de campo en interiores de edificios abandonados e en descomposición, con unha labor artística, recollendo material fotográfico como documentación básica que logo publican en sitios web. As instalacións máis recorrentes son fábricas e almacéns, instalacións industriais e áreas residenciais. Ninjalicious (citado en Rowsdower, 2011) indica que nos edificios abandonados se está rodeado polo pasado e aínda que non se pode axudar hai un sentimento de conexión con este.

A exploración urbana non é arqueoloxía afeccionada, pois os exploradores urbanos fan pouca interpretación explícita do pasado, e as súas actividades buscan obter produtos artísticos coa fotografía. Teñen unha filosofía ética xa que contribúen á preservación de sitios que foran pasados por alto pola xestión pública e teñen un compromiso práctico co pasado, pero si eses sitios que visitan estiveran xa controlados perdería o valor experiencial que ten esta comunidade.

Os exploradores urbanos son un colectivo que ten unha gama de intereses e actividades moi amplas e pouco organizadas, que se practica globalmente, pero que hai pouco rexistrado sobre a súa composición demográfica. Dentro da arqueoloxía hai un movemento recente que se interesa en examinar

Figura 16: Interior dun domicilio



pot.com.es/ (con autorización da autora)

críticamente as pegadas da modernidade, pode ser que veña motivado pola práctica da

exploración urbana; deste xeito, os profesionais da xestión do patrimonio poden ter algo que aprender desta práctica (Rowsdower, 2011). Hai heteroxeneidade nas persoas que realizan esta práctica, xa que algúns están interesados pola historia e polo material cultural que logo documentan, mentres que outros experimentan a rareza do descoñecido, ou mesmo a violación da lei, xa que a exploración urbana segue sendo fundamentalmente ilegal (Rowsdower, 2011).

A exploración urbana é considerada como un “pasatempo cada vez máis popular que realizan moitas persoas do mundo global, aínda que este tipo de práctica significa cousas diferentes para persoas diferentes” (Mott et al., 2014, p.1).

Algúns exploradores urbanos realizan esta práctica solos, outros van en parellas ou en grupo; existen en internet moitos foros onde comparten os seus escritos e documentación fotográfica das súas exploracións. Para moitos deles a creación dun rexistro visual das súas exploracións a través de vídeo ou fotografías é unha parte importante da práctica, incluso para algúns pode ser o propósito en si mesmo.

Figura 17: Complexo industrial abandonado



Fonte: <https://www.flickr.com/photos/redhache/with/15417037143/> (con autorización do autor)

As comunicacións entre eles son principalmente por internet, aínda que tamén realizan quedadas a nivel nacional e internacional³. As súas reunións son clandestinas a causa do límite legal no que se atopa esta práctica, ademais algunhas das súas publicacións na web son censuradas (Bunting, 2014).

Documentar os seus propios viaxes e experiencias a través da fotografía é probablemente unha motivación moi importante para moitos exploradores urbanos. Hai unha preferencia por lugares que carecen de outros seres humanos, exceptuando aos compañeiros exploradores (Mott et al., 2014, p. 4).

Esta práctica tamén é descrita como infiltración, comparando urbex coa invasión recreativa. Os espazos que máis atraen para levar a cabo unha exploración urbana son os máis marxinados e ocultos dentro da cidade como vías férreas, sumidoiros, canellóns, áreas de servizo, baldíos, etc. Edensor (citado en Mott et al., 2014) investigou

³ Documental *Exploradores del olvido*, visto en: <https://www.youtube.com/watch?v=mQs0vH7sR60>

que estes espazos eran libres de “regulación performativa e estética”, sitios nos que o pasado e o significado da cidade se interrompen. Para Edensor a exploración física de sitios industriais ou ruínas abandonadas é moi interesante, pois tales espazos están cheos de desorde e obstáculos, polo que esixen un compromiso corporal co espazo e, polo tanto, coa memoria.

3.2 A nostalxia e a evocación ao pasado como características de Urbex

Repetidamente na literatura revisada se sinala a importancia da nostalxia, dos recordos ou do anhelo, isto fai que a exploración urbana pase a ser unha actividade, experiencia ou práctica na cal os sentimentos que produce son a esencia e unha das motivacións polas cales se realiza.

O anhelo nostálxico do pasado leva consigo o anhelo doutro lugar, deste xeito a temporalidade e a espacialidade están vinculadas á nostalxia, pódese ver como unha utopía á inversa, é dicir, unha idealización do pasado que o fai atraente e cautivador (Huyssen, 2006, p. 11). As ruínas arquitectónicas son un bo exemplo de todo isto, contando cunha combinación do pasado e do presente que resulta imposible evitar o sentimento nostálxico. Parece contradictorio como algunhas ruínas poden producir un sentimento de anhelo sendo despozos da Segunda Guerra Mundial ou outros acontecementos similares; Huyssen (2006) explica que temos dito sentimento a causa de que nos ofrece a visión dun futuro alternativo, obsérvase un pasado desagradable que xa aconteceu, para desembocar nun presente “máis sosegado” na sociedade occidental.

Como xa se expuxo, realizar fotografías non é unha condición obrigatoria para realizar urbex, non obstante, a maioría dos exploradores urbanos si que deciden tomar fotografías; Keiler (citado en Martin, 2014) considera que os artistas buscan transformar as realidades cotiás e o espazo apropiado a través da súa imaxinación, o mesmo artista pode ver a fotografía como unha maneira de expresar ao mundo unha crítica sobre este e, a posibilidade de crear un mellor, tan só mellorando a calidade da luz.

Por outra banda, Huyssen (2006) considera que aínda que o obxectivo da exploración urbana non sexa realizar fotografías, para algunhas persoas o feito de fotografar ten máis significado que a historia do lugar.

A fotografía é un hobby que está en auge, cada vez son máis as persoas que deciden conxelar diferentes imaxes do seu día a día, das súas aventuras e das súas experiencias. Bourdieu (2003) analiza dende unha perspectiva sociolóxica a práctica da

fotografía; por unha banda sinala a diferenza existente do uso desta entre as distintas clases sociais, considerando a fotografía, por parte da clase media, como unha ferramenta de distinción da clase obreira, e un intento de aproximación á clase alta.

“Así, os membros dos clubs de fotografía pretenden elevarse culturalmente ao querer ennobrecer a fotografía (substituto ao seu alcance e a súa medida das artes nobres) e, ao mesmo tempo, recoñecer nas disciplinas do grupo o corpo de regras técnicas e estéticas das que se privaron ao rexeitar como vulgares as que rexen a práctica popular” (Bourdieu, 2003, p. 47).

Deste xeito, segundo Bourdieu, a clase media fai un intento de incluír a fotografía como outro tipo de arte semellantes á pintura, debuxo, etc., para así conseguir achegarse a través do ocio a unha clase superior.

Hoxe en día, o antigo é tendencia, é *vintage*, aínda que a exploración urbana intenta afastarse en certos aspectos do consumismo característico da sociedade occidental, tamén trae consigo unha clara apreciación polo pasado, en especial polas construcións abandonadas. Ao longo dos artigos que se revisaron, observouse unha clara análise sobre a ruína, aínda que neste caso, cómpre facer unha distinción sobre o concepto de ruína e de abandono.

A Real Academia Galega define a ruína como “*resto dunha construción máis ou menos derruída, gravemente deteriorada*”⁴ e o abandono como o “*que quedou sen amparo ou sen dono*”⁵, desta forma, considerase unha diferenza importante, posto que os exploradores urbanos non visitan os lugares que están destruídos, senón os que están desamparados do coidado da persoa propietaria; esta inexistente diferenciación pode ser debido á que a revisión da literatura foi en outro idioma (inglés) e non se soubo apreciar ben, ou mesmo que co termo ruína tamén estean abarcando o de abandono. Para Edensor (citado en Dobraszcyk, 2010) as ruínas poden non posuír a distancia de tempo como as ruínas máis antigas, pero seguen sendo atractivas porque teñen unha asociación co perigo, os residuos e a desorde; ademais que desafían as versións de progreso integradas nas culturas de consumo. Estas ruínas poden mostrar unha historia distópica e postapocalíptica. “A cidade de Pripyat foi denominada como a Pompeya moderna” (Dobraszcyk, 2010, p. 378), petrificada, a cal mostra un futuro incerto.

⁴ Información recuperada do seguinte enlace: <http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/ruina> (27/05/17)

⁵ Información recuperada do seguinte enlace: <http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/abandonado> (27/05/17)

Dende un enfoque arqueolóxico, González-Ruibal et al. (2008) consideran que a arqueoloxía do pasado contemporáneo é un subcampo importante dentro desta disciplina, pero tamén é atractiva para científicos sociais e artistas. A devastación da guerra, os campos de concentración, fosas comúns e mesmo ruínas industriais son sitios que non se queren mostrar, dos que é posible revelar historias alternativas. A memoria, a historia, as ruínas, a decadencia, a materialidade ou a política son temas da arqueoloxía do pasado recente.

Esta rama da arqueoloxía ocúpase do abxecto, da abxección, isto son aqueles sitios que foron borrados da memoria colectiva, sobre os que non se quere falar ou se nega a súa existencia, onde a memoria se borra –o autor pon como exemplo sitios da guerra fría nos EEUU-. A ausencia ou negación é un perigo para a memoria.

Por outra banda, cómpre destacar que moitos dos exploradores urbanos inician esta actividade explorando os lugares que están preto do seu fogar, para logo extrapolala, na maioría dos casos ao longo do mundo.

“(…) a miúdo os participantes desta comunidade empréndena localmente, permitindo a experiencia básica da historia a nivel persoal, as ruínas locais poden ter moito valor, lugares de traballo que quedaron en desuso polos cambios económicos, casas abandonadas... son sitios que proporcionan unha experiencia persoal máis profunda rozando o voyeurismo” (Rowdower, 2011, p.8).

Desta maneira, os propios despoños que deixa o capitalismo serven de crítica ao propio sistema gracias á exploración urbana, aínda que esta actividade non teña como obxectivo realizar unha crítica, os exploradores urbanos acoden a estes lugares en busca dunha fuga do consumismo, da publicidade e do estrés que xera a propia cidade.

3.3 A exploración urbana como *hacking espacial*

Na presente revisión da literatura sobre a exploración urbana contemporánea atópase unha recorrente analogía co hacking informático (Dodge et al., 2006), xa que se considera aos exploradores urbanos como uns hackers de construcións (Bunting, 2014), pois compórtanse de tal maneira “que as súas actividades favorecen a comparación cos aspectos da piratería informática, xa que un hacker non toca nada, non colle nada e non deixa sinais da súa presenza” (Bunting, 2014, p.7).

Dodge e Kitchin (2006) recorren á piratería informática e á ética hacker para conceptualizar ao fenómeno urbex, pénsano en termos de “hacking espacial”. Para estes autores, os hackers cren que toda información debe ser libre, na axuda mutua

voluntaria, en promover a descentralización, os hackers constrúen cousas para mellorar, a piratería informática proporciona unha forma de pensar. Con esta analogía pódense entender os exploradores urbanos como “hackers espaciais”.

Incluso utilizan o verbo hackear para facer referencia ao fenómeno urbex: “exploradores turcos están hackeando o espazo físico, apropiándoo a un novo propósito, subvertido simbolicamente, -fotografando signos de *non fotografar*- ou fisicamente, a través da ocupación, a re-utilización ou a destrución” (Bennett, 2011, p. 423).

Garrett (citado en Mott et al., 2014) tamén describe a exploración urbana como “lugar de hacking”; este autor considera que esta práctica se asemella ao traballo dos piratas informáticos, pois ambos son procedementos electivos de participación en obxectos, ciber-espazo propietario ou arquitectura fóra dos límites.

Por outra banda, tamén se relaciona a exploración urbana co mundo dixital e virtual, pero dende unha óptica da paisaxe xa que: “a paisaxe urbana hoxe, parece máis unha cuestión de texturas e luces (...). Este mundo de texturas e luces lévanos ao ordenador e terminais. Tamén mantén vínculos evidentes coa cuestión da inmaterialidade e o espazo virtual” (Picon e Bates, 2000, p. 72).

3.4 A dimensión de xénero dentro da exploración urbana

Mott e Roberts (2014) poñen de manifesto que a literatura xeográfica sobre urbex ignora as calidades do explorador urbano como suxeito, e descoida unha perspectiva feminista e de diferenciación social; tamén indican que na exploración urbana se identifica unha cultura prevalente da masculinidade.

Algúns exploradores urbanos realizan esta práctica como psicoxeografía ou experimentos de carácter político ou literario, outros céntranse máis en cuestións de memoria, como no xa mencionado estudo de Bennett (2011) sobre a exploración urbana en búnkers de guerra; a investigación deste autor enfatiza que para estas persoas a exploración dos sitios son elementos dun conxunto de prácticas nas que se inclúen a interacción, os esforzos, a documentación e a gravación.

Holly Prescott (citada en Mott et al., 2014) realizou un estudo no que aborda esta práctica dende unha perspectiva feminista, no que mostra que as mulleres exploran máis online que en persoa, deste xeito ponse de relevancia a importancia das fotografías, capaces de trasladar recordos incluso dende as ruínas. No estudo que realizan Mott e Roberts (2014) sobre as auto-representacións dos propios exploradores urbanos observan que hai unha prevalencia de suxeito explorador altamente masculinizado; o que xa concluíra Bennett (2012) con anterioridade.

A literatura xeográfica sobre a exploración urbana reflexa que algunhas das características dos exploradores urbanos son: contar con unha masculinidade sa, heteronormativa e branca; mentres que o feminismo permanece fóra do proxecto.

Garrett (citado en Mott et al., 2014) expoñía no seu blog que estaba interesado en saber por que as persoas deixan de explorar, e é neste punto onde moitas feministas dan as razóns polas que algunhas persoas poden dudar en participar na práctica de urbex; hai traballos de feministas nos que se aborda a cuestión do medo das mulleres aos arredores urbanos xa que son espazos asociados a perigos de violacións ou asaltos.

Hai que ter en conta que a actividade desta práctica non ten os mesmos significados e riscos para todas as persoas; as desigualdades de xénero non son as únicas, tamén hai desigualdades físicas, xa que persoas que non teñen unha habilidade física poden quedar ao marxe, pois poden non estar capacitadas para levar a cabo algunhas actividades.

“A práctica da exploración urbana pode provocar medos ben fundados de dificultade física, acoso ou asalto (...) unha persoa que xa está baixo vixilancia e control ou por discriminación racial enfróntase a un risco moito maior de acoso e detención que o típico explorador urbano branco”. (Mott et al., 2014, p. 237)

Segundo Karen Morin (citada en Mott et al., 2014) a masculinidade, a forza, a fortaleza, o atletismo, a aventura, o atrevemento, o perigo, o risco e a virilidade son características que están palpables nos primeiros exploradores urbanos.

Examinando varios sitios web, Mott e Roberts (2014) atópanse con un alto compoñente de xénero, algúns dos exploradores urbanos utilizan unha xerga machista, utilizando a palabra penetración para referirse á entrada aos lugares, a veces definen os lugares como virxes, linguaxe con pronomes femininos para tratar as edificacións que observan ás cales din que penetran, todo isto engadido a imaxes de mulleres en posición sedutora para encabezar a súa páxina web, con sinais de precaución e perigo. Esta mostra de virilidade está reforzada a través das fotografías e a documentación das aventuras, e o que non ten “bolas” -ou máis comunmente “huevos”- é ridiculizado. “Esta linguaxe e comportamento masculinizado reforza o machismo estándar que caracteriza moitos aspectos da exploración urbana” (Mott et al., 2014, p. 239). Incluso algúns exploradores urbanos se gravan vestidos de traxe, ou con prendas de soldado ou camuflaxe pois consideran importante a auto-representación visual;ponse de manifesto que “unha proporción significativa de exploración urbana parece estar orientada arredor de (sub) culturas moi masculinizadas” (Mott et al., 2014, p. 238).

As mulleres que se involucran na exploración urbana son minoritarias, o traballo de Bennett (2011) sobre *bunkerology* apoia este punto. Aparecen casos de sexismo en

foros, hai unha masculinidade dominante en certos grupos de urbex, e os estudosos non están facendo unha análise crítica sobre todo isto, a excepción de Bennett (2013) que realiza un estudo posterior a *bunkerology* para intentar dar outro punto de vista, deste xeito realiza unha análise sobre o papel da socialización dentro deste pasatempo predominantemente masculino, e busca explicar a influencia de xénero dentro de *bunkerology*.

Para realizar a práctica de urbex requírese de tempo libre, e isto depende dos roles e deberes de cada un, é por isto que Bennett (2013) quere re-examinar o seu anterior estudo dende unha perspectiva de xénero, dado que a maioría das persoas que realizan *bunkerology* son homes. Na socialización masculina están presentes a defensa e a tecnoloxía, polo que os búnkers son maioritariamente explorados por homes, tamén porque o búnker é como un alpendre, unha saída de escape, unha retirada da esfera doméstica.

Este autor atopa que o militar segue sendo un símbolo chave para a masculinidade e que a organización militar e os seus procesos proporcionan rituais de fabricación da virilidade, “a cultura da masculinidade non é monolítica nin preordenada, senón que existe en pluralidade e fluidez” (Bennett, 2013, p. 632).

Bennett (2013) entende o búnker como un espazo de retiro de xénero, un ocio de escape que reforza a masculinidade, aínda que esta tamén se basea na validación homosocial que só pode ser dada por outros “machos”. Por outra banda, “a tecnoloxía e a habilidade técnica forman parte integral do que significa ser masculino (...) as máquinas son unha extensión simbiótica do home, fanse chave para a súa identidade e os búnkers son *máquinas de supervivencia*” (Bennett, 2013, p. 637).

Por outra banda, McRae (2008) observa que o feito de que os participantes sexan maioritariamente homes ten que ver coa súa actitude ante o risco, e a posibilidade de ser detidos. Existen perigos físicos no espazo urbano, por iso aconsellan levar un teléfono móbil cando se realiza urbex, aínda que no descubrimento de lugares esquecidos hai que aceptar uns certos niveis de risco.

Os exploradores urbanos varóns aos que entrevistou McRae (2008) pensan que as mulleres teñen unha maior aversión ás leis de rotura e que non se senten atraídas por este tipo de actividade, e cando a exploración se da en grupos, opinan que as mulleres poden ser remisas a unirse a un grupo xa que a maior parte dos membros son varóns. Este autor contactou con Nancy Drew, exploradora ben coñecida en Canadá, a cal opina que as normas sociais inflúen dende a infancia, no caso das nenas en que nunca deben ensuciarse, por exemplo.

As mulleres foron concibidas como fóra de lugar no espazo público -en termos de acoso sexual-, e o medo á delincuencia e a percepción do perigo é moito máis amplo nas mulleres, o que leva a ser unha forma de opresión na vida destas.

3.5 Urbex como antecedente do turismo escuro

Este sub-apartado versa sobre a exploración urbana e o seu vínculo co turismo, así como as súas diferencias. Autores como Robinson ou Garrett teñen a súa propia visión da relación entre estas dúas actividades, as cales se mostran a continuación.

Robinson (2015) describe a exploración urbana como unha actividade de ocio, que pode interpretarse como unha forma de turismo que está fóra das normas de conducta aceptadas; pero establece unha clara distinción, considerando o elemento “permiso” como a clave da diferenza entre ambas actividades. Destaca ademais, que o turismo é a opción máis doada de conseguir aventura e coñecemento, dado que os límites morais e éticos da maioría das persoas impiden a violencia de morada. Estas regras ditan que urbex é unha mala acción, por iso, a maioría dos viaxeiros deciden confiar na información que lle dan os museos e os diferentes centros de información turística, e desta forma é máis sinxelo conseguir experiencias dentro do patrimonio sen realizar calquera tipo de exploración.

Para Dodge e Kitchin (2006) a exploración urbana leva consigo unha dose de emoción co acceso a lugares que non están autorizados, despertando así o desexo por encontrar, explorar e indagar. Deste xeito, a ilegalidade na cal se atopa urbex sería un factor clave para as motivacións dos exploradores urbanos. Goodwin (citado en Huyssen, 2006), engade que o risco que se asocia aos edificios abandonados é un engadido desta experiencia, os pisos podres e os cables eléctricos expostos elevan o sentido do risco e, polo tanto a adrenalina.

Por outra banda, Garrett (2012) sinala que urbex é unha actividade persoal e individual, coincide con Robinson en que este fenómeno é unha actividade que o individuo fai no seu tempo libre como pode ser o turismo. Este autor expón que o turismo e a exploración urbana comparten antecedentes pero que evolucionaron de maneira diferente, un cara a exploración e outro cara a visita masificada, de feito os lugares que visitan os exploradores urbanos soen ser a antítese dos lugares turísticos, sinalizados fóra de controis sociais, horarios, itinerarios, colas, fianzas, etc.; aínda que algúns autores si que asocian a exploración urbana con un tipo de turismo de aventura, ou turismo escuro, cando se centra na exploración de sitios frecuentados pola morte, desastres, ou algunha

atrocidade, incluíndo os asociados coas guerras. De todas formas, os exploradores urbanos buscan sitios abandonados fóra dos límites e de calquera turista organizado que teña un guía profesional.

O estudo realizado por Dobraszczuk (2010) afonda máis no denominado turismo escuro e a relación que isto pode ter con urbex; na súa investigación amósase a experiencia dun traballo de campo en Chernobyl, tanto no reactor destruído como nos edificios de Pripyat, tendo como documentación as propias fotografías do autor. É sabido que a catástrofe radioactiva que sucedeu en Chernobyl no 1986, onde quedou unha zona de exclusión na radio do sitio, o pobo de Pripyat foi evacuado e quedou baleiro. O autor considera que “Chernobyl non é un lugar adecuado para turismo porque non é aínda un sitio histórico, máis ben é un lugar de traxedia” (Dobraszczuk, 2010, p. 372). Ademais, o autor sinala como un factor diferenciador entre o turismo escuro e urbex os motivos polos cales se visita o lugar, considerando que Chernobyl é un sitio de decadencia, e polo tanto está en sintonía con esta práctica; “o turismo escuro refírese a visitas motivadas por curiosidade a lugares asociados coa morte e destrución, particularmente sitios de xenocidio, guerra ou terrorismo” (Dobraszczuk, 2010, p. 372). Deste xeito, atópase en Chernobyl un lugar onde os turistas e os exploradores urbanos coinciden nos seus destinos.

Aínda que se poden establecer algúns puntos en común entre a exploración urbana e o turismo, todos os autores coinciden que, actualmente, son dúas actividades distintas e, sobre todo, que as realizan dous tipos de persoas diferentes, unhas guiadas polo afán de aventura, curiosidade e risco, e outras pola comodidade, seguridade e “permiso”.

3.6 A exploración urbana como forma de xogo

A práctica de urbex é definida por varios autores –así como polos mesmos exploradores urbanos- como unha forma de xogo, cumprindo con cada unha das súas características, xa que o xogo vén definido pola Real Academia Galega como “Cada unha das actividades que se realizan co único fin de entreterse e divertirse, e que se caracterizan por estar organizadas conforme unhas regras determinadas e, ás veces, por precisar duns obxectos concretos.”⁶

Cando os exploradores urbanos relatan o que senten ao realizar esta práctica,

⁶ Información recuperada de: http://academia.gal/diccionario?p_p_id=dictionarynormalsearch_WAR_BUSCARAGFrontendportlet&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-2&p_p_col_count=1&dictionarynormalsearch_WAR_BUSCARAGFrontendportlet_miniSearchNoun=XOGO (08/05/17)

describen sentimentos de emoción, alegría, e evasión “(...) *pasamos rápido e corremos ao vestíbulo central sen teito, caendo na herba, tratando de reprimir a nosa risa e emoción*” (Garrett, 2013, p. 6). Cómpre destacar que ao igual que o xogo, a exploración urbana pode ser espontánea, xa que quen realiza esta práctica, polo común, ao atoparse con un edificio demolido aproveita a ocasión para mirar dentro, aínda que tamén pode contar con unha planificación das actividades.

A exploración e a curiosidade son características propias da etapa infantil, onde as preocupacións, na maioría dos casos, son mínimas; moitos exploradores urbanos explican que esta práctica desenvolve unha capacidade de volver á infancia, convertendo a cidade nun espazo de xogo, o cal está “limitado só pola imaxinación e o desexo de ver” (McRae, 2008, p. 73). Ninjalicious (citado en McRae, 2008) opina que o único obstáculo para xogar é a mentalidade restrinxida que impide que as persoas se dean conta de que moitos dos seus límites se auto-impoñen; el apoia a idea de que a cidade é como un parque infantil.

Con todo, a exploración urbana non é unha forma apropiada de xogo para todos os residentes da cidade, xa que algúns prefiren algo perigoso que lles xere adrenalina, mentres que outros prefiren actividades de baixo risco. Deste xeito, o urbex exclúe a persoas que sofren algún tipo de discapacidade xa que non teñen a mesma accesibilidade, de feito como xa se mencionou, o perfil predominante de explorador urbano é varón, branco e sen discapacidade.

Pódese entender urbex como unha forma de xogo, que lle oferta aos cidadáns da etapa adulta “conectar co desenvolvemento urbano e o medio ambiente, histórica, física e emocionalmente” (McRae, 2008, p. 55) proporcionando, á súa vez, unha ocasión de evadirse de toda a presión, estrés e intranquilidade que xera a vida moderna (McRae, 2008).

3.7 Síntese

Neste sub-apartado de síntese mencionar que a exploración urbana non ten unha definición oficial que abarque todo o que leva esta experiencia, ao longo do recollido na literatura sobre este fenómeno obsérvase que dentro desta actividade se inclúen unha serie de sensacións e sentimentos difíciles de conseguir. A combinación de adrenalina e de nostalxia son sentimentos característicos desta práctica, isto vinculado ao xogo, á diversión e á alegría que este proporciona, fan que a exploración urbana “enganche” e as persoas queiran seguir descubrindo distintos lugares abandonados.

Considérase que, habendo poucos estudos sobre esta práctica, é necesario seguir indagando na dimensión de xénero, pois a falta de investigación sobre este tema é obvia

xa que en toda a bibliografía revisada tan só se atopa un par de artigos con perspectiva de xénero.

En definitiva, a exploración urbana trae consigo un amplo abanico de temas como a nostalxia e a evocación ao pasado, a fotografía, o hacking, o xénero, o turismo ou o xogo, mais non se descarta que estes sexan os únicos e, que en futuras investigacións outras materias tamén estean presentes.

4. METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN

Este proxecto tratará de dar resposta aos obxectivos da investigación dende un enfoque cualitativo, xa que as técnicas cualitativas axudan a explorar de xeito máis profundo un tema concreto no que se necesita unha indagación e descrición como é o caso da exploración urbana; polo que este tipo de metodoloxía parece o máis adecuado para a presente investigación.

O enfoque cualitativo selecciónase cando se busca comprender a perspectiva dos participantes (...) acerca dos fenómenos que os rodean, afondar nas súas experiencias, perspectivas, opinións e significados, é dicir, a forma na que os participantes perciben subxectivamente a súa realidade. Tamén é recomendable seleccionar o enfoque cualitativo cando o tema de estudo foi pouco explorado. (Hernández, 2010, p. 364)

O que ten de novidoso a presente metodoloxía é que se trata dunha metodoloxía cualitativa online, composta a partir dunha etnografía virtual ou dixital sobre varios grupos pechados de exploración urbana e de entrevistas semiestruturadas feitas, na súa maioría, a través dun chat online.

“A etnografía cambiou moito dende aqueles tempos nos que se empregaba polos antropólogos para comprender as culturas de lugares distantes (...). Pódese dicir que a popularidade das metodoloxías cualitativas entre as cales conta a etnografía, se basean no seu atractivo modo de abordar a riqueza e complexidade da vida social”. (Hine, 2004, pp. 55-56)

Este tipo de metodoloxía foi a utilizada polos autores xa citados no apartado anterior de *Fundamentación teórica* e, aínda que se realizaron dúas entrevistas presenciais, atopáronse moitas portas pechadas, polo que se seguiu con este modelo de investigación.

Para a investigación sobre *bunkerology*, Bennett (2011) realizou un estudo etnográfico das comunidades de exploradores urbanos online, analizando foros para definir as súas prácticas, esta análise da cultura online centrouse en examinar as motivacións e as formas de facer urbex en búnkers abandonados. McRae (2008) fíxose membro de diferentes foros de exploración urbana, o que lle permitiu obter unha mellor comprensión da práctica e a dinámica interna, e realizou entrevistas por correo electrónico, pois os custes eran menores que as entrevistas cara a cara xa que os suxeitos de estudo están moi dispersos xeograficamente –aínda que tan só entrevistou a unha muller-. “As

entrevistas por correo electrónico carecen da espontaneidade e o dinamismo dos encontros cara a cara, e requírese un maior esforzo para facer a discusión animada” (McRae, 2008, p. 67). Os estudos cualitativos a través de internet deben ter unhas maiores preocupacións éticas pois hai dilemas sobre o que é público e privado.

Ao contar con poucos estudos académicos da práctica da exploración urbana, os foros de internet, grupos en Facebook e blogs proporcionan moita información de representacións en primeira persoa, polo que son un recurso para poder estudar esta práctica. “Internet fai posible unha *antropoloxía do cercano* que Auge defende como necesaria para comprender aos individuos e as súas comunidades ” (Bennett, 2011, p.425).

Por todo isto, o estudo da exploración urbana é un reto, así que a elaboración deste traballo de forma colectiva atópase xustificada debido á dificultade dunha investigación exploratoria tan novidosa. Non se contaba con información previa desta comunidade, así que o traballo en grupo favoreceu a ter dous puntos de mira diferentes para encamiñar a presente investigación. Ademais, ao ser un grupo tan específico e de difícil acceso –xa que se trata dunha actividade ilegal- tívose a oportunidade de abarcar diferentes horarios para ter unha maior dispoñibilidade á hora de realizar as entrevistas.

Cabe expoñer que a contextualización onde se enmarca esta investigación ten lugar ao longo de todo o territorio español, aínda que máis profundamente será estudada a Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, preséntanse ambas ferramentas de análise dos datos cualitativos.

4.1 Etnografía virtual

“A etnografía en Internet non implica necesariamente moverse de lugar. Visitar sitios na Rede ten como primeiro propósito vivir a experiencia do usuario, e non desprazarse” (Hine, 2004, p. 60). Por isto, o traballo de etnografía virtual consiste na observación de grupos pechados online sobre a exploración urbana, que serve para poder interpretar as prácticas dos exploradores urbanos, sendo un obxectivo específico de investigación, e realizar unha posterior análise, a partir das súas publicacións, as súas preferencias sobre Urbex, os comentarios que se escriben entre eles, e mesmo a frecuencia das publicacións, podendo chegar a participar con este grupo social específico. En concreto os grupos analizados, pertencen á rede social Facebook, e son os seguintes: Urbex España, o cal abrangue a membros de todo o territorio español, Urbex Galicia e Lugares Abandonados Galicia –estes dous contan, maioritariamente, con membros de Galicia-.

A etnografía virtual foi realizada nun período de catro meses, contando dende o 1 de xaneiro ata o 1 de maio, xa que no mes de maio deuse paso á realización das entrevistas.

Esta técnica permitiu ter un acercamento aos membros da comunidade urbex en primeira persoa; hai evidencias de que se trata dunha comunidade virtual, polo que a súa utilización está xustificada xa que forma parte do obxecto de estudo.

“É un tipo de etnografía dado que implica a inmersión da investigación nos mundos online; (...) Basease considerablemente na observación, aínda que a miúdo se apoia nas formas de entrevista online. Adáptase ao análise das comunidades que ten unha existencia exclusivamente online, aínda que pode desempeñar un papel en relación coas comunidade que teñen existencia online e fóra desta.” (Bryman, 2016, p. 360)

Durante este período as investigadoras realizaron unha recollida de información moi ampla, na que ademais de contabilizar as publicacións nos grupos de Facebook diferenciando por xénero durante catro meses como se recolle no *Anexo I*, tamén se realizou unha análise minuciosa dos comentarios que ían facendo. Así púidose ver as preocupacións que teñen, como debaten entre eles, a linguaxe que empregan, o tipo de publicacións (diferenciando entre fotografías e vídeos), en definitiva, como se desenvolve esta comunidade. É interesante comprobar como sendo esta práctica tan “activa” no plano físico, o seu desenvolvemento se da a través das redes sociais e foros de internet; son parte dunha comunidade pois entre eles coñécense aínda que non sexan sequer da mesma Comunidade Autónoma, xa que parte desta práctica consiste na difusión dos lugares que visitan.

Esta técnica, xunto coa parte de revisión teórica, resultou ser moi importante para a posterior elaboración do Guión de entrevista, exposto no *Anexo II*.

4.2 Entrevistas semiestruturadas

Por outra banda, co método de investigación por entrevistas preténdese dar resposta aos obxectivos específicos de investigación, podendo chegar a coñecer as motivacións persoais que estes teñen para realizar Urbex, así como o desenvolvemento da práctica en si mesma e o seu discurso sobre a dimensión de xénero na exploración urbana; aínda que tamén axudará a obter unha definición para o obxectivo xeral, xa que se lles pide que describan esta práctica.

As entrevistas son realizadas a persoas que se identifican como parte da comunidade urbex, xa que, aínda que calquera persoa pode realizar exploración urbana nun momento puntual da súa vida ou sente que tamén realiza esta práctica, a unidade de análise desta investigación tan só son as persoas que se declaran como parte desta comunidade. E ao ser un grupo social concreto non se teñen en conta uns requisitos previos de diferenciación por variables.

O método de contactación foi a partir da etnografía virtual, xa que se puido ter acceso a membros da comunidade urbex a través dos grupos pechados de Facebook. Realizouse unha publicación propia dando a coñecer o presente estudo nestes grupos para solicitar a colaboración dos membros a través de entrevistas totalmente anónimas; pero aínda que non calou demasiado, esta publicación axudou a ter un primeiro contacto e, desta forma, poder así contactar individualmente. Desta forma, foise contactando con diferentes membros dos grupos, os cales accederon a realizar a entrevista a partir do mesmo chat de Facebook xa que, aínda asegurando o anonimato, negábanse a realizar unha entrevista presencial ou mesmo unha videochamada.

Coas primeiras entrevistas aplicouse a técnica de bóla de neve, a cal soe utilizarse en estudos cualitativos, e consiste en identificar a participantes chave aos cales se lles pregunta por novos contactos relacionados co tema en cuestión, neste caso a exploración urbana, para logo contactalos e incluílos no estudo, para chegar a obter un maior número de persoas entrevistadas (Hernández, 2010).

En total foron realizadas 16 entrevistas semiestruturadas, sendo a súa duración de un mes; comezando o día 4 de maio do 2017 e rematando o 4 de xuño do 2017. Foi preciso realizar as entrevistas neste período, xa que ao ser un estudo exploratorio necesitouse a previa etnografía virtual e toda a revisión da literatura para estar en contexto e, deste xeito, poder elaborar o Guión de entrevistas, que serviu como soporte para poder realizar as preguntas de investigación, o cal se mostra no *Anexo II*.

As entrevistas foron realizadas a través de distintas vías, aínda que maioritariamente se levaron a cabo polo chat da rede social Facebook tamén se realizaron a partir de outros métodos, na *Táboa I* vese reflexado o número de entrevistas segundo as distintas vías:

Táboa I: Vías de realización das entrevistas

<i>Vía de realización da entrevista</i>	<i>Nº de entrevistas</i>
<i>Chat de Facebook</i>	11
<i>Presencial</i>	2
<i>Videochamada por Skype</i>	1
<i>Envío por arquivo adxunto⁷</i>	1
<i>Chat de WhatsApp</i>	1

Fonte: elaboración propia

Na *Táboa II* aparece un cadro tipolóxico das entrevistas realizadas cronoloxicamente, no que figuran os nomes anonimizados das persoas entrevistadas, o código que lles foi asignado e as variables xénero, idade e lugar de residencia. Como se pode apreciar a variable idade é moi ampla, contemplando dende un mozo de 18 anos ata unha muller de 52, a media de idade das persoas entrevistadas ronda os 33 anos de idade.

Táboa II: Cadro tipolóxico das entrevistas semiestruturadas

Nome anonimizado	Código	Xénero	Idade	Lugar de residencia
<i>Ignacio</i>	UH1	Home	39	Vigo
<i>Ramiro</i>	UH2	Home	26	Vigo
<i>Lucas</i>	UH3	Home	31	Ourense
<i>Samuel</i>	UH4	Home	23	Vigo
<i>Víctor</i>	UH5	Home	25	A Coruña
<i>Dora</i>	UM1	Muller	52	Mallorca
<i>Adam</i>	UH6	Home	20	Salamanca
<i>Laura</i>	UM2	Muller	37	A Coruña
<i>Claudia</i>	UM3	Muller	45	Vigo
<i>Julio</i>	UH7	Home	36	Barcelona
<i>Elías</i>	UH8	Home	18	A Coruña

⁷As respostas desta entrevista foron proporcionadas a través dun documento Word, onde simplemente a persoa entrevistada respondeu ás preguntas do Guión de entrevista. Ademais de perder a espontaneidade cara a cara perdeuse o contacto a través do chat online; foi respondida como se fose unha enquisa de preguntas abertas, mais que unha entrevista semiestruturada, pero decidiuse levala a cabo igualmente debido ao factor xénero, xa que contamos con poucas entrevistas a mulleres, e esta persoa solicitou se podía ser desta forma xa que non podía de ningunha outra.

Marc	UH9	Home	29	Barcelona
Jacobo	UH10	Home	43	Barcelona
Borja	UH11	Home	47	Culleredo
Helena	UM4	Muller	32	Viveiro
Kevin	UH12	Home	31	A Coruña

Fonte: elaboración propia

Como punto a favor de realizar as entrevistas online a investigación conta con unha maior extensión territorial, xa que como se pode ver no cadro tipolóxico anterior, chegouse ás distintas provincias da Comunidade Autónoma de Galicia así como a distintas partes do territorio español, na *Figura 18* móstrase un mapa no que isto queda ben ilustrado.

Figura 18: Mapa de entrevistas realizadas



Fonte: elaboración propia

Hai que destacar que as entrevistas realizadas por vía online non obtiveron a mesma riqueza de información que as que se realizaron de forma presencial, ou mesmo a que se realizou por videochamada, xa que nestas últimas se obtivo información relevante que non se deu a coñecer no resto das entrevistas realizadas por chat.

As entrevistas por vía online son unha técnica nova que se está desenvolvendo e falta contrastala, resultaron ser moi útiles para facer un estudo sobre urbex xa que as persoas desta comunidade están a realizar unha actividade ilegal e é entendible –aínda asegurándolles o anonimato- que non queiran realizar a entrevista de xeito presencial.

Así, coa utilización destas dúas técnicas de investigación recolleuse unha ampla información sobre a práctica da exploración urbana, polo que se da paso á fase de *Análise de resultados*.

5. ANÁLISE DE RESULTADOS

Trala recollida de información primaria a partir da metodoloxía exposta no apartado anterior é momento de analizar, a través do discurso das entrevistas e da etnografía virtual realizada, unha serie de elementos principais que permitan entender a práctica da exploración urbana e poder establecer unhas similitudes ou diferencias en comparación coa revisión teórica realizada, así como as novas que se puideron dar neste fenómeno.

Deste modo, a partir desta fase, poderán establecerse posteriormente as pertinentes conclusións así como a relación destas cos obxectivos mencionados. Así, este apartado divídese en catro sub-apartados, facendo referencia cada un deles aos distintos obxectivos de investigación para poder analízalos dun xeito máis pormenorizado.

5.1 Definición de exploración urbana

Este primeiro sub-apartado fai referencia ao obxectivo xeral do presente estudo que consiste en determinar unha definición de exploración urbana. Para isto realizouse unha pregunta inicial no Guión de entrevistas e, deste modo, púidose coñecer como as persoas entrevistadas definen a exploración urbana.

As respostas foron variadas, aínda que algunhas delas coinciden en esencia. Moitos exploradores urbanos coinciden en que a historia do lugar forma parte desta práctica:

Lo defino como una afición en la que buscas historia (Julio, UH7)

Llegar a poder descubrir sitios, lugares que nadie ha conseguido ir o que nadie quiere y con una historia del lugar (Elías, UH8)

Entrar en edificios o recintos abandonados o en estado de abandono para visitarlos por dentro, investigar sobre qué se hacía allí, y sobre todo vivir experiencias en esos sitios (Víctor, UH5)

Por outro lado, tamén se atopa repetidamente a práctica da fotografía, existe un pouco de controversia entre os exploradores urbanos sobre o uso desta neste ámbito, dado que moitos deles cando se lles pregunta pola definición inclúen a captura de imaxes como parte de urbex, como unha recollida de documentación, aínda que como xa se expuxo no apartado de *Fundamentación teórica*, non se considera que a toma de fotos sexa obrigatoria á hora de realizar exploración urbana.

Una mezcla entre aventura y fotografía que te permite volver al pasado de ese lugar (Ignacio, UH1)

Para mi es una forma de descubrir la historia de los lugares. Es un hobby que reúne aventura, adrenalina y fotografía. Nunca sabes que te vas a encontrar (Jacobo, UH10)

Se trata de la búsqueda y posterior exploración de un lugar abandonado. Puedes ir con diferentes motivos con o sin cámara, pero siempre como afición, nunca para hacer mal (Samuel, UH4)

McRae (2008) describira a exploración urbana como un xogo, considerando que esta actividade lles proporciona aos adultos unha volta a infancia e, polo tanto volven a desenvolver a imaxinación e os sentimentos da etapa máis inocente do ser humano. Con todo, Lucas (UH3) foi o único que describiu esta práctica como un forma de xogo.

Un juego, es como cuando eres pequeño, y hay una casa medio derruida en el pueblo, los niños se montan sus historias, sus desafíos para entrar, la sensación es la misma. Hoy en día los adultos no juegan a nada, se plantan delante de un ordenador, o ven una peli, es dar un paso más y ser el protagonista tú de tu aventura (Lucas, UH3)

Como xa se mencionou no apartado da revisión teórica a adrenalina e a nostalxia son unha parte esencial da exploración urbana, son dúas das principais razóns polas cales se realiza esta actividade, así o interpretan, respectivamente, dúas das mulleres entrevistadas:

(...) si, a mi me motiva muchísimo, me lo paso muy bien, es esa sensación de buuff me van a pillar, no me van a pillar (Dora, UM1)

No lo sé, para mí es como algo nostálgico, una añoranza, pero no sé de qué (Helena, UH4)

Aínda que hai que ter en conta que, en definitiva, definen a exploración urbana como unha afección, como un hobby máis.

Un hobby que consiste en la exploración de lugares abandonados o totalmente en desuso (Ádam, UH6)

Lo defino como una afición en la que buscas historia (Julio, UH7)

Es un hobby (Jacobo, UH10)

Deste xeito, obsérvase que hai varios factores que inflúen na práctica da exploración urbana. Recollida esta información e xunto coa revisión teórica realizada, pódese concretar que a exploración urbana é unha afección que consiste en explorar abandonos, xa sexan lugares como domicilios, edificios, palacios, construcións industriais, institucións -como colexios, hospitais, etc.-, calquera tipo de vehículo, búnkers ata as partes menos frecuentadas da cidade, como as azoteas. A exploración

realízase dunha maneira precavida sen, na medida do posible, danar o lugar, podendo realizar fotografías ou vídeos como material documental do lugar sempre sen dar información sobre a localización do mesmo. Hai que ter en conta que, na gran maioría das exploracións, existe un traballo de busca do lugar e, nalgúns casos, de busca de información acerca da historia do lugar previamente á visita dun abandono.

Dende outra perspectiva, tamén se pode ver como unha forma de xogo, no cal os adultos redescubren diferentes lugares abandonados onde deixan liberar a súa imaxinación e dedican un tempo para si mesmos.

5.2 Descrición e interpretación das prácticas dos exploradores urbanos

Para comezar a analizar a práctica de urbex, comezouse preguntando cando a realizaran por primeira vez, como se pode apreciar no *Anexo II* de Guión de entrevistas, deste xeito extráese unha liña común das persoas entrevistadas, a cal indica que a coñecen dende a infancia, xa que exploraron lugares abandonados dende pequenos como unha forma de xogo, unha forma de escape das normas da casa, ou un xeito distinto de descubrir o mundo.

Ya desde que tengo constancia, de pequeño me gustaba escaparme a explorar lugares abandonados cerca de casa, con su correspondiente bronca y castigo por parte de mis padres (Ignacio, UH1)

Sin conocer aún el mundillo, el gusto viene desde pequeño, flipaba al ver una casa abandonada. La primera vez que explore algo fue una fábrica enorme (Samuel, UH4)

Cinco años siendo consciente jajaja, de pequeña solía meterme en sitios abandonados, incluso dentro de una alcantarilla solía jugar (Claudia, UM3)

Hai que ter en conta que moitos dos entrevistados fan unha distinción entre realizar exploración urbana sen coñecer que existe urbex como tal, é dicir, sen coñecer a existencia dunha comunidade que se dedica a explorar lugares abandonados, a realizala xa como membro desta, incluso Laura (M2) indica que agora a realiza profesionalmente⁸:

Con cinco años de la mano de mi madre, fue quién me introdujo en este mundillo, pero "profesionalmente" hace 6 años (Laura, UM2)

⁸ Cabe destacar que ao realizar as entrevistas de forma online a través dunha comunicación escrita, as persoas entrevistadas utilizaban métodos para, dalgunha forma, destacar algo ou mostrar máis énfase. Aquí pódense observar as comiñas.

(...) Cuando tenía siete años o así fue la primera vez que me "colé"⁹ con mis padres en un lugar abandonado. Sin duda la descubriría años más adelante, por aquel entonces ni me planteaba que hubiese gente con un interés tan extraño por lo abandonado (Ádam, UH6)

(...) pasé gran parte de mi niñez en una casa, en una urbanización en la montaña. En los 70 con el boom inmobiliario se hicieron muchas casas y muchas quedaron abandonadas, a medio hacer. Solo tenía un par de amigos de mi edad a los 7-8 años y nuestro entretenimiento era ir colándonos en aquellas casas o mediodaceres como las llamo ahora, nos montábamos películas (...) es algo que me acompaña siempre. Después de las casas, con 15-16 vinieron las fábricas para fumar porros y hacer botellón jajaja. Siempre que veía algo abandonado me colaba y me llamaban loco... (...) y hace 5 o 6 años descubrí por internet que había más gente colgada como yo que se metía en lugares así (Marc, UH9)

Deste xeito, hai un antes e un despois de coñecer a comunidade urbex; internet é a clave para isto, xa que se coñecen a partir de foros e grupos en redes sociais. Aínda que as persoas que xa realizaban exploración urbana agora se senten parte dun grupo ou comunidade, hai outras persoas que mesmo comezaron a realizala despois de coñecela para entrar a formar parte da comunidade urbex.

Eu antes patinaba, facía skate e bueno... facendo skate sempre vas buscando lugares novos onde patinar e ao final acabas entrando nunha nave abandonada, así nalgúns sitios e tal, logo xa empecei a sacar fotos e empecei a facelo así máis en serio fai cousa de catro anos, pois empecei a ver por internet a xente que facía o mesmo e empezou a interesarme máis e máis (Kevin, UH12)

Un año más o menos. Había visto vídeo en youtube de gente que exploraba sitios abandonados pero no me llamaba, hasta que un youtuber empezó hacer vídeo así y me enganche y todos mis amigos y empezamos en este mundo (Elías, UH8)

Con todo, non se pode eludir a importancia que ten a fotografía nesta práctica, xa que, aínda que como se recolleu na revisión da literatura non é obrigatorio sacar fotos para realizar exploración urbana, as persoas entrevistadas manifestaron que mesmo realizaban urbex para sacar fotografías, sendo esta última a súa afección principal. Distínguense así, dous discursos distintos de exploradores urbanos, a) os que xa realizaban urbex pero comezaron a fotografar os lugares abandonados por diferentes

⁹ Volven aparecer as comiñas como ferramenta para destacar algunha relevancia na comunicación escrita.

motivos, e b) os que tendo a fotografía como hobby se meteron dentro destes lugares abandonados e coñeceron a comunidade urbex:

Desde niño me han atraído estos lugares aunque fotografiándolos llevo desde septiembre 2015. Es algo que si lo pruebas engancha (Jacobo, UH10)

(...) pues fue un complejo grande, bastante derruido y conocido, fui con varios amigos con la excusa de sacar unas fotos (Lucas, UH3)

(...) ahí fue la primera vez, pero de casualidad, porque estaba fotografiando la nacional 6 por la línea del abandono, los locales cerrados... (Borja, UH11)

Creo que comencé a buscar y visitar sitios abandonados cuando me compré mi primera cámara reflex, hace unos diez años. De todas formas, siempre me han atraído los lugares abandonados o en ruinas. A pesar de esto, no me considero una practicante de "urbex" propiamente dicho, pues lo que me mueve principalmente es el gusto por la fotografía (Helena, UM4)

(...) fue lo que me acerco en un primer momento a meterme en sitios abandonados (Lucas, UH3)

Todas as persoas que foron entrevistadas expoñen que sacan fotos nas súas exploracións urbanas. As fotografías funcionan como unha ferramenta cuxa función básica é fragmentar a vida, deter as continuas experiencias (Vásques, 2007). Neste caso, ademais de levar o recordo, esas fotografías serven como aporte documental ás súas experiencias.

Aínda que a maioría difunde o material fotográfico pola rede, hai algunhas persoas que son remisas a facelo, polo que se volven a observar dous discursos distintos; un primeiro no que non difunde as fotos:

No, alguna vez he compartido algo, pero en contadas ocasiones. Supongo que porque cada vez es algo que hago más para mí, por las sensaciones, y de paso te ahorras que la gente intente indagar donde son los sitios (Lucas, UH3)

Sí, pero para mí, yo no publico nada, en alguna ocasión no quité para disfrutar plenamente del sitio (Claudia, UM3)

No, bueno, me guardo la gran mayoría (Dora, UM1)

E un segundo discurso, o máis predominante, no cal expoñen que as fotos as difunden mediante redes sociais, blogs persoais, etc., dato que confirma que se trata dunha comunidade virtual, a cal se desenvolve e relaciona a través de internet, que queren mostrar onde estiveron e o que viron, así como explicar, de certo modo, de que se trata a exploración urbana:

Siiii, si el lugar merece la pena nunca se baja de las 150 fotos, tenemos un blog! (...) para compartir lugares que la gente no conoce, por satisfacción, etc (Laura, UM2)

(...) tengo un álbum digital en flick y tuve blog, que lo tuve que cerrar. A veces también saco fotos con carrete y esas están en un álbum por ahora jajaja. Para mí es unir las cosas que me gustan la fotografía y el urbex, y para mi es mostrar a la gente lo que me gusta, porque mucha gente no entiende que hago urbex, o no saben que es, pero al ver el resultado cambian de idea. Por otro lado, es una manera de huir de las típicas fotos de calle o paisajes, que ves miles iguales (Ramiro, UH2)

Cuando ya tuve bastantes sitios fotografiados pensé en hacer un blog con información del lugar, como varios que ya seguía y me gustaban, asique una vez empecé con el blog subo cada entrada a páginas de abandonos y gente exploradora de facebook, siempre respetando las normas (no dar localización la primera) ya que si no es impensable publicar sitios como estos, algunos de mucho valor. No lo difundo en plan mira donde estuve y que guay soy (Samuel, UH4)

Desde hace poco sí, antes pasaba, un amigo me lió para que me abriera un Instagram ya que todos tenían blogs, y yo soy un poco vago para estar en un blog (Julio, UH7)

Ademais, a difusión por internet deste tipo de fotografías permitiu, a través da etnografía virtual realizada, comprobar como se busca unha valoración positiva, xa que esperan que as fotos agraden e recibir alagos por ese traballo, Jacobo (UH10) explica así:

Me gusta compartir estos lugares con la gente. Y un poco de ego. Es agradable ver que tu trabajo gusta a la gente del mundillo del urbex (Jacobo, UH10)


Con todo, pódese ver unha diferenza coa persoa entrevistada máis moza, xa que expón unha preferencia pola forma de actuar dos youtubers, é dicir, documentar en vídeo e comentar o lugar:

Las dos cosas, intento hacer vídeos suficientes para montar un vídeo para youtube y bastantes fotos (Elías, UH8)

Sobre isto hai un debate aberto na comunidade urbex, xa que consideran que a documentación da exploración urbana é mellor mediante unha reportaxe de fotos;

incluso se chegou a facer unha enquisa sobre isto para que os membros do grupo votasen. Na seguinte imaxe pódese ver unha captura de pantalla realizada, na que se expón dita enquisa, a cal ten un grande sesgo no mesmo enunciado.

Figura 19: Enquisa realizada no grupo de Urbex España



Supongo que en los últimos meses todos nos hemos dado cuenta que se ha puesto de moda ser youtuber-explorador. Ya hace tiempo en EEUU era la forma más usual de mostrar las exploraciones, y ha acabado saltando a Europa.

¿Preferís ver reportajes con texto e imágenes de todo un edificio o bien un solo video tipo youtuber?

Quizá lo preferible fuese tener ambos tipos, pero según he visto los youtubers no suelen centrarse mucho en sacar fotos, o al menos, en sacarlas bien.

Luego ya podría discutirse si los videos dan datos en exceso como accesos, ventanas, carteles u otras cosas que en fotos omitimos.

<input type="radio"/> Mejor un reportaje con fotos	+23
<input type="radio"/> Mejor en video	+5

Fonte: captura de pantalla realizada mediante a etnografía virtual

A partir disto, os membros do grupo comezaron a opinar nos comentarios desta publicación e expoñían que lles gustaba velo en vídeo pero si estivera ben elaborado con bos planos ou con dróns –de forma aérea-, porque expresan que urbex está sendo explotado polos youtubers, quen non lle da valor ao abandono e o único que queren son visitas e seguidores para vivir diso, polo que consideran que urbex está a perder a gracia e será unha moda; ademais, cabe destacar, mostran medo porque a palabra urbex sexa coñecida por todos.

Para realizar fotografías ou filmar en vídeo hai que ter en conta que se precisa dunha cámara, ou máis ben, hoxe en día, dun móbil; “a posesión dunha cámara fotográfica está moi ligada aos ingresos, (...) e a que só se vexa na posesión de tal ben un indicio do nivel de vida” (Bourdieu, 2003, p.51). Esta característica pode limitar, en certo modo, a algunhas persoas para realizar exploración urbana, aínda que no discurso das persoas entrevistadas obsérvase que non teñen dificultades económicas.

Al principio iba por gusto, luego ya pensé en plasmar los sitios comprándome una go-proo y luego una buena cámara (Samuel, UH4)

(...) gente del mundillo me dijo que era una lástima ver todo lo que he visto y no conservar un recuerdo, que al menos por compartir, hiciera fotos y así las tendría siempre. Nunca había hecho, nunca me había gustado y me parecía una jilipollez lo de la fotografía y reservado a maestros. Me compré una cámara y descubrí que se me da bastante bien por lo que dicen... yo me veo mediocre... pero bueno... soy demasiado perfeccionista... (Marc, UH9)

Cabe destacar que a práctica da exploración urbana leva con ela certos riscos, polo que a maioría dos entrevistados prefiren realizala acompañados de alguén, aínda que consideran que é máis divertido que ir un só, fano principalmente por motivos de seguridade.

Siempre se debe hacer acompañado, ya que hay lugares que por el paso del tiempo se hacen peligrosos por temas de humedades en el suelo y techos (Ignacio, UH1)

Con algún compañero, es menos tenso (Lucas, UH3)

Siempre acompañado ya que nunca sabes que te puede pasar, normalmente no pasa nada pero bueno, por si pasa siempre tiene que haber alguien que pueda avisar (Julio, UH7)

Al principio iba siempre solo. Con mi moto cargada con todos los bártulos. Después de un par de sustos deje de salir sólo. Es una afición muy peligrosa (Jacobo, UH10)

Acompañada siempre (Claudia, UM3)

Aínda que insisten que, aínda sendo unha medida de protección ir acompañado, a realizan sos en algunha ocasión:

La mayoría de veces si aunque si nadie puede unirse y no me queda otra, voy solo (Víctor, UH5)

Se podría considerar una norma, ir acompañado por seguridad, y siempre ver bien donde pisar. Hay que saber bien donde estás. Con los cinco sentidos vamos jaja. Aunque muchas veces me voy solo... Pero bueno que siempre muy atento y con cautela (Samuel, UH4)

O perigo é algo obxectivo en este tipo de práctica, xa que se trata de entrar en lugares abandonados polos que o paso do tempo xa fixo a súa labor, as humidades, a descomposición da madeira, a natureza mesma que envolve o lugar fan que existan certos riscos, ata tal punto, explica Jacobo (UH10), que pode ser causa de morte se non se ten o suficiente coidado e protección.

Estas entrando en sitio abandonados, siempre hay un riesgo, cosas que se pueden caer, suelos viejos, cristales... pero siempre hay que conocerse a uno y saber tus limites, yo mismo me he cortado con un alambre, pero son cosas del oficio (Ramiro, UH2)

Es que tiene cierto peligro, que te caigan cosas encima, es que hay veces que lo cierran y no dejen que entre gente por eso, porque son lugares peligrosos. Una vez solo con el peso del trípode para sacar un foto cedió el suelo, estaba todo corcomido (Borja, UH11)

É peligroso porque non depende todo de ti, estás indo a un lugar que ao final pois tampouco sabes exactamente como vai a estar... (Kevin, UH12)

Si mucho. Sobre todo para los chavales jóvenes. Este mes uno ha muerto cayendo de un tejado y otro está muy mal herido. Ambos cayeron de una altura considerable (...) Según el lugar hay que llevar mascarillas, guantes y sobre todo hay que explorar a fondo el lugar antes de empezar a pisarlo. Siempre ha de haber alguien q sepa dónde vamos (Jacobo, UH10)

Aínda que non só realizar urbex é perigoso pola degradación do lugar, senón polas persoas coas que se poida atopar no mesmo, así o manifestan varias das persoas entrevistadas:

(...) ya he tenido bastantes problemas y sustos... y no quiero acabar mal... me han sacado los vecinos, dueños... la policía... Me han perseguido tíos con palos, fuera del país, sin hablar el idioma... incluso hace años un tío disparó al aire con una escopeta y esperó en la puerta con ella en mano hasta que salimos... (Marc, UH9)

Porque nunca sabes lo que te puedes encontrar o a quien. Por un lado la propia degradación del lugar y por otro hay sitios que están ocupadas por okupas (Laura, UM2)

(...) te puedes encontrar okupas, te puedes encontrar cualquier personaje, yo me he encontrado ladrones (Dora, UM1)

(...) jugamos con ese riesgo tanto como que los sitios abandonados están en muy malas condiciones y te puede caer algo como que te pille la policía o gente de seguridad (Elías, UH8)

Hai que ter presente que a práctica de urbex ten un código ético, unhas normas que esta comunidade se impón para pertencer á mesma, nos grupos pechados de Facebook nos que se realizou a etnografía virtual aparecían estas normas, as cales se expoñen a continuación:

NORMAS DEL GRUPO:

-No se puede publicar la localización de los lugares: ni coordenadas, ni población en la que se encuentra, ni nombre real del edificio.

-Si algún miembro quiere pedir un lugar, deberá comunicarse con el autor de la publicación vía mensaje privado y nunca como comentario (por la norma anterior no podrá ser respondido).

-No hay más normas salvo el sentido común y el respeto mutuo.

Un recordatorio con las normas del grupo para nuev@s miembr@s:

-Nuestra afición por los lugares abandonados nos lleva a querer preservarlos. No estamos a favor de romper cosas, forzar la entrada, robar, ni de hacer nada que perjudique a los lugares que mostramos, o que sea ilegal, por eso, no está bien visto dar localizaciones de manera pública ni a desconocidos. Si queréis conocer la localización de un lugar debéis pedirla por mensaje privado a la persona que haya subido la foto y ésta valorará y decidirá si la comparte o no. Cada uno es libre de hacer lo que considere oportuno, pero por privado y bajo su responsabilidad.

-No se tolerarán faltas de respeto hacia ningún miembro del grupo. Sentiros con libertad de dar vuestra opinión pero siempre con educación.

- Cada imagen, enlace, comentario o cualquier tipo de contenido subido al grupo es responsabilidad del usuario que lo ha subido, así pues la persona o personas encargadas de administrar esta página no se hacen responsables de posibles infracciones que los miembros del grupo puedan cometer con sus aportaciones. Por supuesto, la administración de este grupo, siempre y cuando tenga conocimiento activo de contenido ilícito, actuará con diligencia retirándolo.

Disfrutad del grupo y compartid muchas fotos.

Desta forma, o discurso dos exploradores urbanos vai en relación a esta ética, xa que aínda que algún non sabe as normas ao pé da letra intenta ser respectuoso co lugar e non difundir a súa localización, pola contra, Samuel (UH4) mostra a súa intolerancia coas persoas que non cumbran as normas de urbex.

El urbex tiene unas normas, sin estas normas esto no sería lo que seria. Son las siguientes: Obviamente que el lugar este abandonado. Entrar sin ser visto, para que no te llamen a la policía pensando que eres un ladrón... No forzar nada para entrar, si está cerrado pues no se entra. No romper absolutamente nada, respetar las cosas y disfrutar la experiencia. Nunca revelar las localizaciones, para preservar los sitios de los vándalos y gente que se dedica a romper. Si no cumples esto ya no eres un explorador. Eres un vándalo (Samuel, UH4)

Hay una ley no escrita acerca de ello. Llévate solo tus fotografías y deja solo tus huellas. Esa es la máxima del urbex. Solo visitamos los lugares abandonados cuando las entradas están abiertas, NUNCA¹⁰ forzamos ni rompemos nada para entrar, ya que sería un delito (Ignacio, UH1)

No sé si hay una ética, porque cada uno es como es, yo cuando voy a un sitio, intento no alterar el lugar, a lo mejor mover algo de sitio para darle pistas a otra persona que estuvo alguien allí, no romper nada, no robar, no hacer ruido, vamos ser como un ninja, y solo irme con las fotos y el recuerdo (Ramiro, UH2)

¹⁰ O método para destacar unha das normas de urbex na comunicación escrita, neste caso foi o uso das maiúsculas.

Tamén expresan a súa disconformidade coas persoas que levan cousas dos lugares abandonados, xa que é unha das principais regras de urbex:

(...) al final los que más repiten esos mantras son los primeros en llevarse cosas que les gusten (Víctor, UH5)

(...) luego hay quien incluso se monta las escenas, cojo una silla de aquí recorro media casa...Hago la foto porque queda más chula...(...) una vez sales con algo de una casa, por ejemplo, ya es delito, pero luego te encuentras gente que en sus casas tiene cosas de hace 100 años que dices... ¿Aún tienes huev... de subirlo a internet? (Julio, UH7)

(...) coñezo xente que non ten ningún problema en forzar un sitio se non está aberto para entrar ou xente que e leva cousas dos sitios (Kevin, UH12)

En canto ás normas éticas, mesmo se chegan a contradicir eles mesmos:

Pero la mayoría de gente se las pasa por el forro. Mucho postureo (...) A veces muevo alguna cosa para sacar una mejor foto pero casi siempre lo dejo todo como estaba (Jacobo, UH10)

É curioso como son as mulleres as que utilizan na súa linguaxe o termo preservar para referirse á non vandalización do lugar, e son estas as que poñen máis ímpeto en non difundir as localizacións.

¿Sabrás que las localizaciones son secreto de estado? Jajaja Las coordenadas nunca son gratis. Nadie da nada en este mundo, cada uno se busca las suyas, después se intercambian (...) Nos espanta llegar a un sitio bonito y verlo grafitado o al que ya pasaron los chatarreros rompiendo todo a su paso. Para nosotros la palabra es PRESERVAR¹¹. Por eso también somos tan puntillosos con las localizaciones, cada sitio visitado en un poquito nuestro (Claudia, UM3)

Nuestro gusto por los lugares abandonados nos lleva a querer preservarlos y es por ello también que no se comparten en público localizaciones de los sitios. De esta forma evitamos que personas malintencionadas lo vean y vayan a destrozar o robar algo (Helena, UM4)

Na etnografía virtual observouse como as localizacións ocupan a meirande parte dos comentarios nas publicacións de fotos. Como xa se explicou, a non revelación da localización é unha norma de urbex, pero as persoas insisten en obter algunha localización á que poder ir para realizar unha exploración urbana; son persoas bastante competitivas no tema das localizacións, e contestan con bastante ironía cando se lles

¹¹ O método para destacar unha das normas de urbex na comunicación escrita, neste caso tamén foi o uso das maiúsculas.

pregunta por unha localización en concreto, aínda que algún acaba cedendo algunha, tamén se queixan da cantidade de xente que fai urbex por culpa de algúns "bocazas" que difunden localizacións, mesmo algúns discuten que as dan pero que non reciben a cambio, outros aconsellan que non se pidan senón que se busquen pois iso é parte de urbex.

Todo este debate ten que ver co aumento do número de persoas que practican urbex, e a incomodidade desta comunidade cara elas, xa que consideran que non teñen a mesma finalidade, porque moitas destas persoas realizan urbex como unha tapadeira para levarse cousas do lugar, outros tan só porque está de moda e para gañar fama na rede.

Si las hay pero no con el proposito original (...) hay de todo, pero mucha gente se escuda en el urbex para conocer lugares abandonados y saquearlos posteriormente (Ignacio, UH1)

Por supuesto, es masivo... pero no urbex, porque si fuera urbex los sitios no se destrozarian. Hay un crecimiento enorme de gente que quiere ganar fama por entrar a un sitio y con ello vienen veinte detrás a destrozarlo. La gente no respeta nada. Solo unos pocos tienen cabeza (Samuel, UH4)

(...) me fastidia, cuantos más seamos peor (Claudia, UM3)

Por supuesto, primero había exploradores, luego comenzaron fotógrafos, eso atrajo a un montón de gente y ahora ya hay hasta youtubers (Lucas, UH3)

Incluso expoñen como medrou o número de persoas nos últimos anos; percíbeno como unha moda e séntense incómodos co que está a pasar coa exploración urbana.

(...) en el 2007 cuando empecé aquí en Galicia te contaba con una mano la gente que había, ahora hay muchísima gente, no sé si llamarlo moda o simplemente que engancha (Ramiro, UH2)

Hace unos años éramos 4, y era seguro. Si un sitio se lograba sacar por 1 foto, lo tenía otra persona y no pasaba nada, ahora lo saca un grupo de 30 personas y van todos en manadas, es inviable (Víctor, UH5)

Sí, desde hace al menos 2 años dicha afición está aumentando a una velocidad de riesgo entre los jóvenes (...) El término urbex hoy en día está muy confuso, ves a gente metiéndose en fábricas los días de descanso del personal de estas y publicándolo como abandono (Ádam, UH6)

Internet también es el "culpable" de que se den a conocer estas prácticas y se extiendan rápidamente. Por otra parte, el cine, la TV y los videojuegos también han contribuido a que el

urbex se ganase nuevos aficionados. Cada vez hay más pelis y series de temática post-apocalíptica y los lugares abandonados tienen esa atmósfera oscura y misteriosa. Supongo que todo influye y ahora está de moda (Helena, UM4)

Penso que está de moda, penso que se popularizou nos últimos anos un montón, porque xente que é famosa así en internet empezou a facelo (Kevin, UH12)

Aínda que Laura (UM2) explica que aínda que entre xente nova en urbex, hai persoas que teñen que saír debido ao gasto económico que leva esta práctica.

Urbex como tal, puff... Sí, aunque muchas de la viejas glorias ya van desapareciendo porque es una afición cara (...) Personas que se dedicaron durante mucho tiempo al urbex y en la actualidad ya se han retirado, porque es una afición cara (Laura, UM2)

Isto pode ser un factor que explique a frecuencia coa que se realiza exploración urbana, xa que o discurso das persoas entrevistadas deixa ver que si puideran facela máis veces así o farían, pero ademais do gasto económico tamén hai que ter en conta o tempo libre, xa que urbex é un hobby, unha afección que require de tempo para buscar as localizacións, chegar a elas en algún transporte, sacar as fotos e logo retocalas e difundilas pola rede.

De la que se pueda, en todos los sentidos, además de la disponibilidad está el tema económico, no es una actividad nada barata (Claudia, UM3)

Siempre que puedo, pero lleva mucho trabajo, búsqueda, desplazamiento, edición, pero al ver el resultado merece la pena (Ignacio, UH1)

Pues... cuando tienes tiempo aprovechas. Antes te ibas a tomar algo y ahora exploras algún lugar, pero eso si estás dentro de esta afición (...) Un coche ayuda mucho, porque los sitios no vienen solos, se gasta muchísimo tiempo en encontrarlos (...) O sea se gasta mucho tiempo y gasolina (Samuel, UH4)

Son muchos los gastos ya que debes de pagar desplazamientos y debes de tener vehículo en el que moverte. Así como tiempo (Laura, UM2)

Cabe destacar que aínda que urbex é realizada como un hobby que, como recoñece Ramiro (UH2), fai desconectar da rutina da vida diaria:

Pues casi se puede decir que ir a hacer fotos o urbex ocupa mi tiempo libre, es mi manera de desconectar de todo (Ramiro, UH2)

Esta práctica tamén é realizada con fins comerciais, é preciso ter en conta que este discurso tan só saíu nas entrevistas cara a cara e na que se realizou por videochamada. Isto é algo moi novidoso, xa que na literatura revisada en ningún momento se tratou este tema, nin sequera estaba recollido no Guión de entrevista polo seu descoñecemento, pero é moi interesante saber que esta práctica se está comercializando, e máis, sendo por dúas vías distintas. A primeira é a fotografía, xa que fotógrafos que realizan urbex venden as súas fotos en galerías ou a particulares:

Si yo soy fotógrafo (...) Tengo una página web con un vínculo a un sitio donde las vendo (...) He vendido varias, es un producto muy comercial la verdad, es un rollo romántico de la decadencia y tal (...) A mí me gusta más el domicilio y le sacó rentabilidad, los vendo muy bien. Con una decoración así, impolutos... pero como los vendo más parece que... Vendí más de lo que pensaba la verdad, unas de ellas me las compró aquí una galería, me las compró, y también me las compraron particulares por ser un lugar particular, con esa atmósfera, bueno los domicilios funcionan bien. No es que vendiera mucho pero rentabilicé las salidas, aún que bueno con el tratamiento posterior y tal (Borja, UH11)

E a segunda, trátase de persoas que organizan viaxes a lugares abandonados para grupos de persoas; os organizadores tanto poden ser membros da comunidade urbex, como o propietario que lle saca rentabilidade á súa propiedade abandonada. A esta forma de comercialización de urbex definímola como “turismo clandestino”; é un novo tipo de turismo diferente do turismo escuro, que pretende amosar a decadencia dun lugar abandonado, con ese punto de adrenalina e de nostalxia cos recordos do mesmo pero que deixa de ser urbex en forma, xa que esta práctica non consiste en levar un guía, senón todo o contrario, en explorar por un mesmo.

Hay gente que te digo que incluso organiza viajes, e incluso cobra dinero por eso, si, si entráis en forocoches hay gente que publica cosas de estas...si, hay unos, ahora no te sé decir, pero hay peña, si entráis en un grupo de facebook, hay uno... esa peña son súper rabiosa. Y esa gente de algún modo vende localizaciones, se juntan y dicen bueno a ver si alguno tiene coche, porque son tan jóvenes (...) Los hermanos estos que os digo creo que hacen excursiones, y tienen localizaciones buenísimas, yo no sé si alguno de ellos debe estar vinculado con el registro de la propiedad o algo que le permite curiosear allí y tal, casas que están embargadas por el ayuntamiento o deben IBIs o algo, algo que el tío... porque encuentra cada sitio que es acojonante (Borja, UH11)

Hay viajes organizados eh, (...) yo de eso me enteré a través de uno de Urbex España, que ellos quieren ir este verano con la caravana. (...) Hay un guardia civil que está metido en el grupo de la exploración y él ya dice que hacen incluso viajes organizados, que él ya nos lo mirará para poder ir (...) vamos en grupo, pero en grupos pequeños de cuatro (Dora, UM1)

Hai xente que eso, desde que cobra por dar ubicacións a xente que está totalmente fóra do urbex e é pois o coidador da casa e que ve que aí está entrando xente e di “ah pois bueno, abrovos se me pagades...” hai xente que soborna ao coidador, ao xardiñeiro (...) en Chernobyl son visitas guiadas, eu queredría ir, nese caso sería un dos poucos que me daría igual ir con unha visita guiada (Kevin UH12)

5.3 Motivacións dos exploradores urbanos

A exploración urbana, non é unha práctica de todo legal, o código penal no seu artigo 202 do Estado español dita que “O particular que, sen habitar nela, entra en morada allea ou se mantén na mesma contra a vontade do seu morador, será castigado cunha pena de prisión de seis meses a dous anos” (Lei orgánica 10/1995, 1995), así como se “executa con violencia ou intimidación a pena será de prisión de un a catro anos e multa de seis a doce meses” (Lei orgánica 10/1995, 1995). Isto incumbe de forma directa aos exploradores urbanos, posto que o elemento de “non permiso” á hora de entrar nun lugar é, en moitas ocasión, esencial para poder vivir toda a experiencia; débese destacar que en algúns lugares si que se conta co consentimento do dono -isto sucede en países como Bélxica- non obstante, existe un debate na propia comunidade acerca deste tema, comparando o feito de entrar tendo permiso como “a visita a un museo” (Kevin, UH12). Unha das máximas regras do urbex dita que non se pode romper nada para entrar no lugar aínda que recoñecen que nalgunha ocasión si que se rompe algunha ventá ou algunha fechadura dunha porta:

Esto de saltar un muro o romper una puerta en un momento dado, porque esta puerta ya estaba así... sí. (risas) eso es algo que va un poco implícito, no están las cosas como pasen y vean, hay algo que hay que hacer, una puerta de madera joder... (Borja, UH11)

Ao realizar unha práctica basicamente ilegal as persoas experimentan un engadido de adrenalina, sendo esta unha das principais motivacións para facer exploración urbana:

Pero la otra vez que me encontré eran búlgaros, entonces estuvimos más de una hora escondidos debajo de una barra de un bar hasta que se fueron. (...) pero volví, lo que decíamos de la adrenalina (Dora, UM1)

(...) o sea esto crea afición un poco por eso, por la adrenalina, y por el tema de violar un espacio, que aparentemente está ahí clausurado del recorrido habitual de la gente, que está como escondido, y que dentro hay una atmósfera parada en el tiempo... (Borja, UH11)

Na cita anterior, obsérvase como esa sensación de medo, de perigo, e de saber que non se debe estar aí xera unha sensación de adrenalina, deste xeito, a sensación que

produce chega a “enganchar” e a querer repetir a experiencia e volver a sentir iso que poucas cousas máis o fan sentir.

Por outra banda, atópase unha motivación de carácter máis sentimental e emocional. Estase a falar da nostalxia, a gran maioría dos entrevistados admite que os recordos, a melancolía e a evocación á infancia son unha parte fundamental do urbex, tal e como dicía Huyssen (2011) é un sentimento de utopía a inversa, e así o confirman varios dos entrevistados:

Te imaginas como era la vida de la gente que vivía o trabajaba ahí (Jacobo, UH10).

(...) de encontrarme cosas muy antiguas, de preguntarme la vida que tendría el lugar cuando estuvo activo (Samuel, UH4)

Hai que ter en conta, en relación coa parte teórica, que os exploradores urbanos fan unha distinción entre ruína e abandono. Isto é algo novidoso xa que estes termos se estaban tratando indistintamente. As ruínas fan “vivir a experiencia do tempo (...) e constitúen o obxecto dunha información moi documentada” (Augé, 2003, pp. 45 e 83), polo que por isto se utiliza este termo para a práctica estudada, pero un dos entrevistados expón o seguinte:

(...) el abandono es el que es, es realmente el rurex o el urbex y tal, el abandono parece que la gente se ha ido, osea Chernobyl es el perfecto abandono, la gente se fue dejó todo y tal, en Galicia puedes ver casas en ruinas, que se le ha caído el techo y no va a haber vestigios de que han habitado allí, no hay ese rollo, objetos, claro (Borja, UH11)

Outra motivación que se pode mencionar é a competitividade. Esta tendencia á rivalidade dáse unha vez que xa se leva un tempo explorando varios lugares, e a principal competencia é a do número de lugares explorados, é dicir, xérase unha rivalidade por quen descubriu máis abandonos e a cantos se foi; desta forma, á hora de preguntar se teñen algún explorador urbano preferido, moitos deles, responden que lles pode gustar algunhas fotografías de algunha persoa determinada, pero que non hai ningún favorito, incluso moitos deles responden directamente que son eles mesmos:

No considero que haya nadie que me supere en exceso, sí hay gente muy buena en cada país, pero no más de 3 o 4 personas en cada uno, así que no me considero fan de nadie en cuanto a exploración urbana (Víctor, UH5)

Ninguno, yo misma (Laura, UM2)

Quizás pueda sonar un poco orgulloso, pero mi explorador favorito me considero yo mismo (Ádam, UH6)

Unha resposta moi diferente foi a de Elías (UH8), respondendo que admiraba a un youtuber por, en apenas un ano, conseguir aumentar de maneira considerable o seu número de visitas. Obsérvase así, un certo cambio de valoración dos exploradores urbanos en función do tempo que levan dedicándose ao urbex, dado que esta persoa ten un perfil distinto do resto dos entrevistados, sendo o máis mozo e o que menos tempo leva realizando urbex.

Es un chaval joven de mi edad más o menos, me encanta como graba y hace sus fotos. Yo lo empecé a seguir en youtube cuando apenas tenía 3.000 suscriptores y ahora tiene casi 200.000, es un chico que ha progresado. Increíble (Elías, UH8)

Tanto a nostalxia como a adrenalina son sensacións que non se viven na rutina da vida diaria e permiten desconectar do estrés do día a día, creando así unha vía de escape pouco convencional e atopando diferentes espazos nos cales poden pensar, imaxinar e explorar libremente sen sentirse controlados polos demais membros da sociedade. Dito doutra maneira, buscan algo semellante aos espazos entre bastidores dos que Goffman falaba, este autor sinalaba que os protagonistas actúan dunha maneira relativamente informal, familiar e descansada cando se atopan entre bastidores e que se manteñen a alerta cando ofrecen unha actuación (Goffman, 1971, p.71).

Desta forma, pódese entender que a experiencia que se vive facendo urbex é comparable a estes espazos dos que falaba Goffman xa que hai unha sensación de liberdade na maneira de actuar, pensar e planificar sen ningún tipo de estorbo nin impedimento.

Neste apartado de motivacións intentouse realizar unha tipoloxía de exploradores urbanos; aínda que na maioría das entrevistas as respostas sobre un perfil de explorador urbano non permitiu concretar unhas variables claras, si que se pode chegar a establecer unha tipoloxía segundo as motivacións de nostalxia e adrenalina.

Así, tendo presentes os tipos ideais de Weber (1993) os cales fan referencia a colectividade sociais, pódese extraer dous tipos de exploradores urbanos, pois as motivacións destes poden ser distintos á hora de entrar en un lugar ou outro:

1. Nostálxicos

Este tipo engloba aos exploradores urbanos que buscan os recordos, queren coñecer a historia do lugar xa que ten especial importancia para eles e, esperan atoparse moitos detalles de cada abandono como recordos, obxectos ou roupa para indagar na vida que puideron ter antes de que o lugar quedase abandonado:

Un lugar que esté lleno de cosas, que me de juego para poder sacar fotos y también experimentar, en el sentido de hacer fotos locas jajaja, el lugar, si es una casa, una fábrica u otro sitio me daría igual (Ramiro, UH2)

Esta del profesor es que tenía cartas, muchos objetos, ropa colgada en perchas y se había quedado así... el sitio ideal de urbex (Borja, UH11)

Así como os que senten unha debilidade por palacios, con mobiliario antigo, piano, con un aura que transporte a outra época, cheos de sensacións:

(...) me conformo con que tenga mobiliario y objetos de la época, pero un buen sitio es por ejemplo que tenga un piano, lámparas colgantes, cuadros, camas chulas, una gran escalera con alfombra, objetos valiosos, y que se note el paso del tiempo en el sitio, con polvo y telas de araña y un coche en el garaje! (Samuel, UH4)

Pues si pudiese configurar mi abandono perfecto... palacio con arquitectura impresionante con 25 años de abandono, mobiliario de superlujo, piano de cola, camas de dosel, cierto deterioro pero sin pasarse, sin haber entrado nadie, un garaje con varios coches de lujo llenos de polvo (Víctor, UH5)

Otro palacio en el que se haya paralizado el tiempo desde hace al menos 50 años (Ádam, UH6)


Hubo un castillo fuera de España que me impresionó bastante porque era de principios de siglo pasado y estaba intacto en cuanto a mobiliario y enseres, solo que el tiempo y la naturaleza lo habían remodelado haciendo caer habitaciones enteras (...) son sensaciones (Marc, UH9)

Tamén neste tipo de exploradores urbanos estarían os que prefiren realizar urbex en centros institucionais como poden ser hospitais, manicomios, orfanatos, igrexas ou universidades:

Figura 20: Escola abandonada

Un colegio un hospital que lleve más de cincuenta años abandonado, por ejemplo (Helena, UM4)

Un edificio tanto un hospital, orfanato... en medio de la ciudad con mucha altura y por dentro q estuviese lo menos destruido, que encontrara cosas de la gente q vivía, documentos para saber más del lugar (Elías, UH8)



Fonte: <https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks> (con autorización do autor)

Cabe destacar que existe unha preferencia polos vehículos abandonados, os exploradores urbanos que se ven atraídos polo transporte, xa sexa por coches,

tractores, autobuses ou metro, están motivados pola nostalxia, xa que –como se puido observar na etnografía virtual- se interesan polo modelo e época do vehículo.

Si los vemos desde el aire ahí vamos, más bien vehículos de todo tipo (...) A mí en lo personal la industria no me gusta tanto (Claudia, UM3)

2. Buscadores de risco

Neste outro tipo situaríanse os exploradores urbanos que buscan unha maior sensación de adrenalina. Perseguen o vertixe e o perigo das alturas, e para iso suben ás azoteas e ás partes altas de edificios, sendo estas de difícil acceso:

Hai xente que se dedica a facer abandonos, hai xente que se dedica a explorar cousas máis da cidade, desde túneles de metro ata búnkers ata condutos de toda a auga ata azoteas de edificios (...) a min o das azoteas si que me chama moito (Kevin,UH12)

A exploración urbana que se realiza en zonas industriais como almacéns ou fábricas tamén ten ese punto de adrenalina:


Una superficie enorme con subterráneos, varios niveles y por la que no hayan pasado chatarreros jajajaja. Cualquier barrio industrial de detroit (Lucas, UH3)

Pero tamén, este tipo está pensado especialmente para os exploradores urbanos que senten unha preferencia polos lugares onde se realiza o chamado turismo escuro sendo a principal opción Chernobyl.

(...) uno que quería ir y ahora ya me lo pienso es, como no, la meca de los que hacemos esto, Chernobyl, ahora como que me lo cambiaría por Japón y su Fukushima (Julio, UH7)

Cómpre destacar que esta diferenciación en dous tipos de exploradores urbanos segundo a súa motivación non é pechada, xa que se basea tan só nas súas preferencias, pero non indica en ningún caso, que non realicen exploracións do outro tipo.

Figura 21: Complexo industrial



Fonte:<https://www.instagram.com/p/BDYb-9LoNRT/?hl=es>
(con autorización do autor)

Os dous tipos destacan que, sobre todo, prefiren entrar nun lugar sen vandalizar, sen a degradación feita polo ser humano, e a linguaxe que utilizan é que sexa un sitio “virxe”:

Que el lugar estuviera sin vandalizar aún con los muebles y recuerdos en su lugar
(Ignacio, UH1)

Pues un lugar sin grafitis ni actos de vandalismo. Me da igual si ya antes han ido más personas. Sería una masía con la historia de la familia (Jacobo, UH10)

Completamente virgen, es decir no degradado por la mano del hombre pero si por la naturaleza (Laura, UM2)

5.4 Análise da exploración urbana dende unha perspectiva de xénero

A través da revisión da literatura coñeceuse que a práctica de urbex é maioritariamente masculina, polo que, no Guión de entrevista decidiuse incorporar este dato para poder contrastalo co discurso das persoas entrevistadas; hai que recordar que foron realizadas doce entrevistas a homes e tan só catro a mulleres.

O que se pretende coñecer é como inflúe a socialización de xénero para a realización desta práctica. Todas as sociedades teñen posicións de dominio e estratificación das desigualdades, interiorizándose os valores dominantes que, neste caso, serían os mandatos de xénero, sendo diferentes para homes e para mulleres. O xénero é unha construción social e unha estrutura de poder onde a existencia dunha normatividade feminina impide que as mulleres poidan realizar actividades “máis masculinizadas” como pode ser a exploración de lugares abandonados.

Así, o discurso coincide coa teoría revisada, e comentan que hai unha maioría de homes que de mulleres que se dedican a facer urbex:

(...) desde que empecé, siempre que he ido en grupo han sido todo hombres. Solo he conocido a unas pocas chicas o amigas que han querido acompañarme y ver qué es eso del urbex (Ramiro, UH2)

(...) al menos yo percibo un importante sector femenino, no diría que igual que el masculino, pero también es cierto que los hombres somos más notas (Lucas, UH3)

Cada vez hay más mujeres, pasamos más desapercibidas, aunque sí, el mundillo lo empezaron ellos. Porque no a todas las mujeres les gusta mancharse, romperse las uñas, encontrar sitios con porquerías, ratas, arañas, murciélagos (Laura, UM2)

Si, si, yo he conocido tías eh, pero si que es verdad que en clara minoría. (...) no se, por que sois más cautas? (...) lo mío no es un prejuicio de género ni mucho menos porque las hay con una personalidad, pero a mí por lo menos me da la impresión que por estadística son menos las mujeres que franquean ese umbral de: tío pues lo rompemos! Eso no lo dice una tía (risas), es que si tenemos un permiso (Borja, UH11)

Si, por lo que yo conozco del mundo y la gente con la que me relaciono suele ser hombre hay muy pocas mujeres (Elías, UH8)

Aún da que tamén hai que ter en conta, que non foi un discurso único xa que apareceron casos que opinaban o contrario:

Non é certo, coñezo mulleres exploradoras tamén (Ignacio, UH1)

En el grupo que somos nosotros estamos al 50%. Creo que eso es una tontería (Julio, UH7)

Aquí en Mallorca somos muchísimas mujeres, yo creo que más o menos igual, aquí hay mucha mujer que lo practica (Dora, UM1)

Que as mulleres sexan unha minoría en urbex pode deberse a esa socialización de xénero, que incita aos nenos a ter un comportamento máis salvaxe, o cal se lle nega á muller, xa que esta práctica é considerada por varios como unha forma de xogo e volta á nenez. Pero tamén hai que ter en conta un factor moi importante: o medo.

En resposta a por que cren que a exploración urbana é realizada maioritariamente por homes aparece o medo no discurso dos entrevistados:

No sabría decirte, no se, puede ser desconocimiento, miedo (...) en determinados sitios puedes encontrarte gente un tanto especial, pudiendo llegar a ser violenta (Ramiro, UH2)

Pues será porque la afición no es tanto el perfil de una chica, machistamente hablando. Hay de todo (...) O el miedo a estos lugares, no sé... no sabría decir el porqué hay más chicos (Samuel, UH4)

Supongo que es una afición que cuadra mas con los gustos masculinos, aunque tengo una buena amiga con la que hago viajes de vez en cuando, y aunque se arriesga menos que yo y le da más miedo, lo disfruta mucho (Víctor, UH5)

(...) Por miedo, por entrar a un lugar, polo que te poidas encontrar, eu as chicas que coñecía, por exemplo, algunhas dicían: “e que eu sola non vou, e con unha amiga tampouco por se nos encontramos alguén alí dentro e logo non sabemos que facer”, non sei será en parte ese medo polo que che poida pasar por entrar así a un lugar un pouco descoñecido e desprotexido...

que ao final bueno estaste metendo nun sitio que tampouco é fácil pedir axuda se che pasa algo
(Kevin, UH12)

Existe bastante literatura que trata o tema do medo, dende unha perspectiva máis temporal como escribe Bauman (2007) referíndose ás inseguridades do presente e á incerteza do futuro, a outra máis antropolóxica da man de Mongardini (2007) onde explica que o medo é “a emoción máis primitiva e máis incontrolable. Pode responder a un perigo real ou imaxinario, inminente ou posible, e dar lugar a un estado de alarma ou a unha serie de reaccións de loita ou de fuxida” (Mongardini, 2007, p. 9). Pero o medo, neste caso das mulleres, tería que ver máis coa cultura da seguridade cidadá; segundo un estudo do Centro de Investigacións Sociolóxicas sobre este tema expón que “os varóns aparecen máis como vítimas de violencia, excepto a violación” (Thomé e Torrente, 2003, p.19) pero en cambio “as mulleres reportan niveis máis altos de medo á delincuencia que os varóns. (...) As mulleres perciben máis comunmente que os varóns certas situacións de perigo” (Thomé e Torrente, 2003, p. 43).

Como xa se explicou anteriormente, esta práctica pode ser perigosa xa que ao entrar en un lugar abandonado hai certos riscos, pero para as mulleres hai outro tipo de risco, como expuxeron as entrevistadas, xa que depende non só do lugar senón das persoas coas que se poidan atopar alí; isto reflexa a opresión que sofren as mulleres pois non contan coa mesma liberdade que os homes no espazo público, o medo as agresións sexuais está latente nesta sociedade patriarcal, e polo tanto, pode ser unha explicación de porque hai un menor número de mulleres realizando unha práctica como esta, na cal as mulleres se expoñen en un lugar descoñecido sen ter a seguridade de ser vistas por outras persoas.

Ir una mujer sola o dos mujeres solas a un sitio así es bastante arriesgado, (...) porque te puedes encontrar ladrones... nos hemos encontrado okupas, hemos tenido que salir corriendo
(Dora, UM1)

La principal medida que tomo es ir siempre acompañada y sobre todo, "con sentidiño". En cualquier caso, es lo mismo que haría si me fuera a correr por el monte o a hacer surf, por compararlo con cualquier deporte o actividad al aire libre (Helena, UM4)

(...) intentan influir en un familiar o conocido para que las acompañe, según el riesgo que entrañe el lugar. No es lo mismo estar sola en un lugar tenebroso, en el que no sepas que te vas a encontrar una vez entres, que ir con alguien de tú confianza y tener un apoyo allí dentro (Laura, UM2)

Ademais, Víctor (UH5) comentou a existencia de sesións de fotos de espidos de mulleres en urbex, obxectivizando así o corpo feminino, e considerando que hai máis mulleres realizando este tipo de prácticas, que a práctica mesma de urbex:

Siendo sincero creo que el mayor porcentaje de mujeres que entran a abandonos son mujeres que van a sesiones de desnudos con los anteriormente mencionados fotógrafos cincuentones, es algo que suelo criticar en las redes sociales cuando lo veo (...) está muy extendido sobre todo por Bélgica y Francia, a mí me coincidió que al entrar en un famoso castillo francés, estaban fotografiando a una chica en ropa interior por ahí y hubo que esperar a que se apartasen. No es una escena que guste ver en un sitio donde esperas encontrar tranquilidad, polvo y arañas... (Víctor, UH5)

O que resulta interesante é ver que o que lle molesta a este explorador urbano non é o uso da sexualización da muller, senón a realización destas sesións de fotos nun lugar abandonado:

Me parece una falta de respeto al lugar emplearlos para esas cosas (Víctor, UH5)

Por outra banda, Ádam (UH6) expón unha das “vantaxes” que teñen as mulleres na realización de urbex, indicando que son un grupo social menos preponderante a cometer ilegalidades e, polo tanto, menos sospeitosas no momento de realizar violación de morada.

(...) mi punto de vista es que las mujeres para esta afición tienen bastantes más ventajas que los hombres (...) No dejamos de hablar de una práctica poco legal en el mejor de los casos, y una mujer, aunque sea algo triste, da bastante "menos el cante" que un hombre a la hora de cometer ilegalidades, esto hablando en el caso de que alguien te vea entrando en una propiedad privada (Ádam, UH6)

Esta práctica, ademais de ser moi masculina, como xa se comentou tamén é moi competitiva; polo que a visibilización dos homes na rede é maioritaria, xa que teñen máis afán de mostrar as súas fotos entrando nunha dinámica de competición.

(...) quizá ellos se hacen más de ver porque compiten mas, a mí eso no me interesa, es un placer personal que no comparto públicamente. En los grupos de urbex, quien publica más y mejor (...) No regalamos nada tampoco pero creo no demostramos tanto como ellos (Claudia, UM3)

Isto tamén se observa na etnografía virtual, xa que ao longo do período analizado, dende o 1 de xaneiro ata o 1 de maio de 2017, hai unha clara maioría de publicacións feitas por homes, no *Anexo I* correspondente á recollida de publicacións dos grupos de Facebook analizados, pódense observar as táboas nas que se reflicte unha gran

diferencia por xénero. A continuación amósase unha táboa-resumo recollendo o cálculo das medias de publicacións por mes por xénero durante este período, para dous dos tres grupos analizados, xa que o último conta con moi poucas publicacións no período estudado, e decidiuse omitir este cálculo contando igualmente cunha maioría de homes nas publicacións.

Táboa III: Cálculo de medias de publicacións/mes por xénero

GRUPOS FACEBOOK	MEDIA	MEDIA
	PUBLICACIÓNS/MES HOMES	PUBLICACIÓNS/MES MULLERES
URBEX ESPAÑA	94	11,5
LUGARES ABANDONADOS GALICIA	28,5	9

Fonte: elaboración propia

No grupo de Lugares Abandonados Galicia, como se acaba de mostrar, son máis os homes os que realizan máis publicacións, e tamén os que realizan máis comentarios. Estes son bastante estándar, preguntan pola súa localización (onde normalmente se contesta mediante unha mensaxe privada), comentan a beleza da fotografía, recomendan algún lugar polo cal entrar ou algunha medida de seguridade que sexa necesaria, incluso en moitos comentarios mostran a súa tristeza ao observar o vandalismo que se deu nalgunha construción.

Cómpre destacar que os homes, neste grupo de Facebook, non soen subir vídeos, senón fotografías, pero dáse o caso dunha muller que comparte os seus vídeos con certa frecuencia.

O día 1 de febreiro unha usuaria preguntou a un home que publicou unhas fotos que tiveran moito “éxito” -polo número de comentarios obtidos-, se lle podería facer de guía para conseguir entrar nese lugar abandonado e a resposta foi a seguinte: "Ingredientes: discreción, agilidad y un par de huevos".

Esta linguaxe machista é moi utilizada, como xa se expuxo no apartado de *Fundamentación teórica*, está moi estendida en urbex, utilizando frecuentemente o termo “virxe” para referirse a un lugar sen vandalizar, tamén esta expresión de “non ter huevos”, ser un cagueta, violar o lugar, ata documento pornográfico para referirse a sacar as fotos simplemente para demostrar que se estivo alí, sen ningunha outra finalidade.

No grupo de Urbex Galicia, como xa se comentou, non hai moito movemento, pero en resumo, realiza publicacións un home remitindo sempre ao seu blog persoal, e a única publicación feita por unha muller é un reportaxe en vídeo, algo similar ao que sucede en Urbex España.

Neste último grupo, as mulleres soen publicar vídeos, cousa que non fan a maioría dos homes, xa que se mostran máis cómodos coas fotografías; como xa se puido observar na táboa hai unha clara predominancia de publicacións feitas por homes. Hai que ter en conta que as publicacións feitas por elas apenas teñen comentarios, o que indica a pouca valoración que se lles concede.

Dito todo isto considérase oportuno dar paso á fase de *Conclusións Finais* da presente investigación.

6. CONCLUSIÓNS FINAIS

Neste apartado do traballo expóñense, a modo de conclusión, as principais aportacións realizadas. Estas intentan expoñer, dun xeito sintético, todo o traballado ata o momento dando resposta aos iniciais obxectivos de investigación.

Tras realizar a análise da información primaria, e xunto coa revisión da teoría sobre exploración urbana, pódese responder ao obxectivo xeral desta investigación definindo o fenómeno urbex como unha afección ilegal e perigosa realizada por unha comunidade virtual, maioritariamente masculina, que consiste en explorar diversos abandonos como poden ser domicilios, construcións industriais, institucións, vehículos, búnkers ata azoteas de edificios; que se realiza dunha maneira precavida sen, na medida do posible, danar o lugar, podendo realizar fotografías ou vídeos como material documental sempre sen dar información sobre a localización do mesmo.

O significado que os exploradores urbanos lle dan a esta práctica é como unha forma de xogo, no cal os adultos redescubren diferentes lugares abandonados onde deixan liberar a súa imaxinación e dedican un tempo para si mesmos. Mostran unha diferenza entre realizar esta práctica coñecendo a comunidade urbex, e sen coñecela, considerando a primeira como unha forma de identidade; a maioría dos membros desta comunidade coñecérona a través de internet xa que este medio é onde difunden as fotografías dos lugares abandonados e onde desenvolven parte da súa actividade. Recoñecen que realizar urbex non é barato, mais a nova foi descubrir que existe unha extensión desta práctica sendo comercializada, deste xeito acuñouse o termo “turismo clandestino” que fai referencia ás viaxes organizadas a lugares abandonados dunha maneira bastante exclusiva, con grupos moi reducidos, de catro a seis persoas aproximadamente, sen chegar a difundir dunha maneira pública a visita.

As motivacións que levan aos exploradores urbanos a realizar esta práctica son, maioritariamente, a nostalgia e a adrenalina, polo que se propuxo unha tipoloxía de exploradores urbanos en función destas dúas emocións: os nostáxicos, e os buscadores de risco. Como xa se mencionou, non son categorías pechadas, pois tan só se basean na preferencia destes por realizar urbex nun lugar que lles transmita unhas emocións ou outras. Aínda que tamén hai que ter en conta que a desconexión da rutina diaria e, por outra banda, a competitividade entre eles, tamén son outras motivacións para a realización desta práctica.

E por último, respondendo ao último obxectivo específico, a indagación feita na dimensión de xénero dos exploradores urbanos amosa unha clara diferenza por xénero, sendo o medo o factor máis explicativo. Aínda que hai que ter en conta que os homes

teñen máis visibilidade na rede polo tema da competitividade. Neste punto considérase que a socialización por xénero ten moita influencia xa que os mandatos de xénero crean a existencia dunha normatividade feminina a cal impide que as mulleres poidan realizar actividades “máis masculinizadas” como pode ser a práctica da exploración urbana, contando así con unha opresión no espazo público.

Para finalizar, cabe dicir que este estudo serve como un punto de partida para a análise da exploración urbana dende unha perspectiva sociolóxica, e que a partir do mesmo se poden establecer novas análises que refuten ou consoliden a información aquí aportada.

Para futuras investigacións sobre este tema considérase pertinente realizar unha etnografía de exploración urbana, podendo visitar ao lado dun explorador urbano algún abandono, desta forma, poderase ver a súa forma de actuar e ter unha visión moito máis ampla desta práctica. E tamén realizar unha análise en YouTube, para poder ver as diferencias ou similitudes entre as persoas que utilizan esta plataforma para vídeos e os exploradores urbanos aquí estudados.

7. REFLEXIÓN ACERCA DO PROCESO DE APRENDIZAXE

Este apartado tratará de explicar como foi o proceso de toma de decisións nos momentos de dificultade e as dúbidas que foron xurdindo ao longo da realización do presente traballo.

Para comezar, o tema de estudo era totalmente descoñecido para as investigadoras, xa que a decisión de indagar sobre a exploración urbana foi tomada a raíz dunha titoría con unha das directoras do estudo, que comentou que se estaban realizando estudos sobre este fenómeno, e que mesmo, elas fixeran unha comunicación sobre isto. Unha simple indagación sobre o tema levou a aceptar a súa realización de cabeza, aínda que era moi novidoso e arriscado, por non contar con estudos sociolóxicos sobre o mesmo, tamén era moi chamativo e absorbente, xa que unha vez que se comezou a investigar na rede en profundidade enganchou completamente.

Ao ser un traballo eminentemente exploratorio non se formulou ningunha hipótese de investigación, senón que tan só se propuxeron obxectivos, un xeral e tres específicos. Nun primeiro momento quíxose realizar unha evolución do capitalismo como parte dos obxectivos, para saber si tiña influencia coa práctica de urbex, pero tras outra titoría acordouse que era demasiado ambicioso, xa que o capitalismo e a globalización son estruturas que están por encima, as cales teñen totalmente unha influencia na sociedade, polo que mellor era centrarse na práctica mesma e centrarse en investigala a fondo, polo que os obxectivos formulados van en esa dirección.

A revisión da literatura foi un traballo bastante intenso, xa que, ademais de estar toda en lingua inglesa, contamos con varios artigos que trataban a exploración urbana dende distintas perspectivas. Para darlle forma e poder plasmar ben as ideas que se extraeron decidiuse realizar varios sub-apartados, e así recolléronse as liñas principais que trataron os autores e autoras estudadas e presentáronse dun xeito máis ameno para o lector.

A parte metodolóxica tivo que desenvolverse trala revisión da literatura, xa que sen coñecer nada sobre este fenómeno era imposible comezar a realizar entrevistas; aínda que a etnografía virtual xa se viña realizando dende xaneiro, o que permitiu unha maior comprensión para poder elaborar o Guión de entrevista. Este seguimento na rede non consistiu tan só en facer buscas en internet, senón que as investigadoras se incorporaron a grupos pechados da rede social Facebook de exploradores urbanos; como xa se vén mencionando ao longo do traballo, son unha comunidade virtual, polo que esta técnica tivo moita relevancia para levar a cabo a investigación.

Por último, os apartados de *Análise de resultados* e *Conclusións finais* resultaron ser bastante descritivos, pero sendo unha investigación exploratoria e, polo tanto unha realidade descoñecida, considérase que están no formato adecuado.

Dito isto, é momento de realizar unha autoavaliación por parte das investigadoras destacando os puntos fortes e as limitacións da presente investigación:

7.1 Puntos fortes

- Consideramos que o maior punto forte deste traballo foi a realización en conxunto do mesmo, ao ser dúas investigadoras con dous puntos de vista distintos, esta investigación obtivo máis solidez, xa que se trata dun estudo moi subxectivo, e polo tanto, ao ser un traballo colectivo aportouse unha maior validez ás decisións tomadas e ás conclusións aportadas.
- A parte de *Fundamentación teórica* foi un pilar fundamental para levar a cabo esta investigación. Considerouse oportuno realizala por sub-apartados para unha maior comprensión do fenómeno e considérase que está nun formato correcto.
- A incorporación dunha metodoloxía innovadora coa técnica da etnografía virtual, necesaria para este estudo por tratar con unha comunidade virtual. Esta técnica tivo que ser revisada autonomamente xa que durante o Grao non se obtiveron unhas especificacións deste tipo de técnica.
- Que se trata dun traballo visual, pois a exploración urbana é entendible a partir das fotos amosadas ao longo do traballo.
- E por último, e non por iso menos importante, a aportación do termo “turismo clandestino” referido a comercialización de visitas organizadas a lugares abandonados derivada da práctica da exploración urbana; así como a aportación dunha tipoloxía de exploradores urbanos segundo as súas motivacións.

7.2 Limitacións

- Houbo unha falta de tempo para a realización das entrevistas e a súa posterior análise debido a que primeiro había que coñecer ben a práctica de urbex para poder comezar con esta fase, e a revisión teórica hai que recoñecer que ocupou bastante tempo.
- Falta unha etnografía de exploración urbana, visitando xunto con un membro desta comunidade algún abandono, xa que ao non contar con esta técnica de investigación perdeuse moita visión sobre urbex.

- Por último, considérase que falta por realizar máis traballo de campo. Non se puido realizar unha análise en YouTube, plataforma que daría acceso a vídeos de urbex, ou non, xa que polo que comentaron os exploradores urbanos entrevistados os youtubers xa non realizan urbex como tal. Quedouse sen saber como se desenvolve esta comunidade nesa plataforma online, así como en distintos blogs persoais.

8. FONTES DE INFORMACIÓN

- Augé, M. (2003). *El tiempo en ruinas*. Barcelona: Gedisa.
- Bennett, L. (2011). Bunkerology—a case study in the theory and practice of urban exploration. *Environment and Planning D: Society and Space*, 29(3), 421-434.
- Bennett, L. (2013). Who goes there? Accounting for gender in the urge to explore abandoned military bunkers. *Gender, Place & Culture*, 20(5), 630-646.
- Bourdieu, P. (2003). *Un arte medio*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Bryman, A. (2016). *Social Research Methods*. Reino Unido: Oxford.
- Bunting, B. S. (2014). An Alternative Wilderness: How Urban Exploration Brings Wildness to the City. *Interdisciplinary Studies in Literature and Environment*, isu093.
- DeSilvey, C., e Edensor, T. (2013). Reckoning with ruins. *Progress in Human Geography*, 37(4), 465-485.
- Dobraszczyk, P. (2010). Petrified ruin: Chernobyl, Pripjat and the death of the city. *City*, 14(4), 370-389.
- Dodge, M., & Kitchin, R. (2006, February). Exposing the secret city: Urban exploration as 'space hacking.'. In *annual meeting of the Association of American Geographers, Chicago, March* (Vol. 10).
- Garrett, B. L. (2014). Undertaking recreational trespass: urban exploration and infiltration. *Transactions of the Institute of British Geographers*, 39(1), 1-13.
- Gibas, P. (2009). Globalised Aestheticisation of Urban Decay. *Beyond Globalisation: Exploring the Limits of Globalisation in the Regional Context*, 155.
- Goffman, E. (1971). *La presentación de la persona en la vida cotidiana* (Vol. 60). Buenos Aires: Amorrortu.
- Gonzalez-Ruibal, A., Edensor, T., Funari, P. P. A., Hall, M., Holtorf, C., Leone, M. P., ... e Zarankin, A. (2008). Time to destroy: An archaeology of supermodernity. *Current Anthropology*, 49(2), 247-279.

- Hernández, R., Fernández, C. e Baptista, M.P. (2010). *Metodología de la investigación*. (5ª ed.) México: McGraw-Hill/Interamericana.
- Hine, C. (2004). *Etnografía virtual*. Barcelona: UOC.
- Huyssen, A. (2006). Nostalgia for ruins. *Grey Room*, (23), 6-21.
- Martin, D. (2014). Translating space: The politics of ruins, the remote and peripheral places. *International Journal of Urban and Regional Research*, 38(3), 1102-1119.
- McRae, J. D. (2008). Play city life: Henri Lefebvre, urban exploration and re-imagined possibilities for urban life.
- Mongardini, C. (2007). *Miedo y sociedad*. Madrid: Alianza Editorial.
- Mott, C., & Roberts, S. M. (2014). Not everyone has (the) balls: Urban exploration and the persistence of masculinist geography. *Antipode*, 46(1), 229-245.
- Picon, A. (2000). Anxious landscapes: From the ruin to rust. *Grey Room*, (01), 64-83.
- Pusca, A. (2010). Industrial and human ruins of postcommunist Europe. *Space and Culture*, 13(3), 239-255.
- Robinson, P. (2015). Conceptualizing urban exploration as beyond tourism and as anti-tourism. *Advances in Hospitality and Tourism Research*, 3(2), 141-164.
- Thomé, H. e Torrente, D. (2003). *Cultura de la seguridad ciudadana en España*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Till, K. E. (2012). Wounded cities: Memory-work and a place-based ethics of care. *Political Geography*, 31(1), 3-14.
- Vásquez, A.: *La fotografía y las formas del olvido. Del furor de la imagen al frenesí de lo real*. Psikeba: Revista de Psicoanálisis y Estudios Culturales [en línea], N°5, 2007. Disponible en: <http://revista.escaner.cl/node/183>
- Weber, M. (1993). *Ensayos sobre metodología sociológica*. Buenos Aires: Amorrortu.

- Zygmunt, B. (2007). *Miedo líquido. La sociedad contemporánea y sus temores*. Madrid: Paidós.
- España. Lei Orgánica 10/1995, de 23 de Novembro, do Código Penal. Boletín Oficial do Estado, num.202, p, 82.
- Grupos de Facebook analizados mediante a etnografía virtual:
<https://www.facebook.com/groups/616245358484070/?ref=bookmarks>
<https://www.facebook.com/groups/140039139734718/>
<https://www.facebook.com/groups/1455178368076111/>
- Blog persoal dun explorador urbano estadounidense: <http://sephlawless.com/>
- Blog persoal dun explorador urbano que autorizou o uso das súas fotografías para este estudo: <https://www.flickr.com/photos/redhache/with/15417037143/>
- Blog persoal dunha exploradora urbana que autorizou o uso das súas fotografías para este estudo: <http://camaraenristre.blogspot.com.es/>
- Instagram dun explorador urbano que autorizou o uso das súas fotografías para este estudo: <https://www.instagram.com/p/BDYb-9LoNRT/?hl=es>
- Documental *Exploradores del olvido*, dispoñible en:
<https://www.youtube.com/watch?v=mQs0vH7sR60>

ANEXO I: Información obtida a través da etnografía virtual

LUGARES ABANDONADOS GALICIA: 1.227 membros. O grupo foi creado o 15 de Marzo de 2015.								
2017								
	XANEIRO		FEBREIRO		MARZO		ABRIL	
	Publicacións feitas		Publicacións feitas		Publicacións feitas		Publicacións feitas	
	Por homes	Por mulleres	Por homes	Por mulleres	Por homes	Por mulleres	Por homes	Por mulleres
Día 1	2	1	4		1			
Día 2	1	2		1	2		1	
Día 3	3							
Día 4	2							
Día 5	1				1			
Día 6			1					
Día 7	4	1		1	2	2		
Día 8	4	1	1				1	
Día 9	1		3		1	1	3	
Día 10	2		1	1				1
Día 11	1		1	1			3	
Día 12	1		1		3		1	1
Día 13		1					1	
Día 14			1			1	1	1
Día 15			2				1	
Día 16	1	2	1	1	1			
Día 17	1		2		1			
Día 18		1						
Día 19	1						5	
Día 20	1		1					1
Día 21		1	2		2			
Día 22	2				1			
Día 23		2	2		1		2	
Día 24	2	1	1		2	1	1	
Día 25			1		2	1	1	
Día 26	1							
Día 27	1	1	2		1		1	1
Día 28			1		1	1	1	
Día 29	2					1		
Día 30	2	1			1		2	
Día 31	1	2			1	1		
Total	37	17	28	5	24	9	25	5

ANEXO I: Información obtida a través da etnografía virtual

URBEX ESPAÑA: 705 membros. O grupo foi creado o 25 de Outubro do 2014.								
2017								
	XANEIRO		FEBREIRO		MARZO		ABRIL	
	Publicacións feitas		Publicacións feitas		Publicacións feitas		Publicacións feitas	
	Por homes	Por mulleres	Por homes	Por mulleres	Por homes	Por mulleres	Por homes	Por mulleres
Día 1	4		4		2		2	
Día 2	4		3	1	3		5	
Día 3	5		1		2		3	2
Día 4	3	1	5		5		4	1
Día 5	3		3		3		6	
Día 6	1		3	1	3		6	
Día 7	3		2		2	2	2	
Día 8	2		2	1	3		7	
Día 9	1		2	1	4	1	3	
Día 10	4	1	2		3		8	1
Día 11	3		9	1	2		5	
Día 12	3		6		5		4	1
Día 13	1	1	1		1		1	
Día 14	8		3	1	2	1	1	
Día 15	2		1	1	3	1	1	
Día 16	4		3	1	3		4	
Día 17	2		1	2			5	1
Día 18	2		1				7	1
Día 19	3		3	1	7	1	7	
Día 20	2		3		1	2	2	1
Día 21	4		2		5		4	1
Día 22	1			2	7		3	1
Día 23			2		2		4	2
Día 24	4			1	2		4	
Día 25	1		4		1	1	2	
Día 26	4	1	6		5		4	2
Día 27			5		2	1	1	
Día 28	2		3	1	1	2	9	
Día 29	6				2		4	
Día 30	3	1			3		5	
Día 31	2				2			
Total	87	5	80	15	86	12	123	14

ANEXO I: Información obtida a través da etnografía virtual

Etnografía virtual no período 01/01/17 a 01/05/17

URBEX GALICIA

Grupo creado o 20 de Xuño de 2016, formado por 45 membros.

Publicacións Xaneiro

- Día 7: un home agradece a aceptación no grupo e publica un grupo para realizar quedadas de Urbex en Ourense provincia.
- Día 11: un home publica un reportaxe do seu blog persoal, non ten comentarios.
- Día 19: o mesmo home publica un reportaxe do seu blog persoal, non ten comentarios.

Publicacións Febreiro

- Día 2: o mesmo home volve publicar un reportaxe do seu blog persoal, non ten comentarios.

Publicacións Marzo

- Día 9: o mesmo home volve publicar un reportaxe do seu blog persoal, non ten comentarios.
- Día 9: unha muller publica un reportaxe en vídeo do seu blog persoal, e non ten comentarios.
- Día 16: o mesmo home publica un reportaxe do seu blog persoal, non ten comentarios.
- Día 24: o mesmo home fai unha publicación sobre un reportaxe do blog persoal, e unha muller coméntalle que quedou encantada de ver o lugar.

Publicacións Abril

- Día 28: o mesmo home volve publicar un reportaxe do seu blog persoal, non ten comentarios.

En resumo: no período analizado tan só publican 2 homes e unha muller no grupo de Urbex Galicia, e o home que máis publica fai as mesmas publicacións en Urbex España; remitindo sempre ao seu blog persoal. A única publicación feita por unha muller é un reportaxe en vídeo, algo similar ao que sucede en Urbex España.

ANEXO II: Guión de entrevista

TEMA	SUBTEMA	OBXECTIVO
Pregunta inicial	Como definiría vostede a exploración urbana?	Definición de exploración urbana pola persoa entrevistada
Práctica da exploración urbana	<ul style="list-style-type: none"> • Cal foi a primeira vez que realizou exploración urbana • Realízaa en solitario ou en grupo • Recolle material fotográfico • Difunde o material recollido nas redes sociais; por que • Ética desta práctica • Cre que cada vez hai máis persoas que practican exploración urbana; que opinión ten sobre isto • Considera esta práctica como perigosa ou arriscada • Distribución do seu tempo libre e de ocio; frecuencia coa que realiza exploración urbana 	Describir as prácticas dos exploradores urbanos e o significado que estes lles dan
Dimensión de xénero	<ul style="list-style-type: none"> • Cal cre que é o perfil das persoas que realizan exploración urbana • As poucas investigacións que existen sobre este fenómeno conclúen que os exploradores urbanos son, maioritariamente, varóns, que opinión ten sobre isto 	Analizar a perspectiva de xénero na exploración urbana
Motivacións dos exploradores urbanos	<ul style="list-style-type: none"> • Por que motivo realiza exploración urbana • Que sente cando realiza esta práctica • Considera que esta práctica está nun limbo legal; isto inflúe para a realización desta • Cal foi o seu mellor caso • Que exploración lle impresionou especialmente; importancia da nostalxia • Cal sería o seu caso ideal • Ten algún explorador urbano preferido; cal é e por que 	Identificar as motivacións individuais dos exploradores urbanos
Datos persoais da persoa entrevistada	<ul style="list-style-type: none"> • Cohorte de idade – Sexo – Nivel educativo – Estado civil – Ocupación – Composición do fogar – Entorno rural-urbano 	Establecer a posición social da persoa entrevistada